que os que conclúen

Ángeles Mastretta

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

O resultado de estes anos de traballo, recollido nesta tese doutoral, dedícollo ós meus pais, Ángel e Argentina.

Exemplo a seguir na miña vida, de vós aprendín o que é conseguir as cousas por un mesmo, con esforzo, valentía e humildade.

Sempre ó meu carón, nos bos momentos e nos non tanto; nunca me tivestes que levantar porque nunca me deixastes caer.

Non vos direi que espero que esteades orgullosos de min, porque sei que o estades; pero por se non o demostro o que debese, eu quero que vós saibades que eu si que estou moi orgullosa de vós e da familia que formastes.

Quérevos máis que a nada,
a vosa pequechiña.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Documento interactivo

Navegabilidade interna

Coa finalidade de **facilitar a súa lectura** e desprazamentos internos, esta publicación e as páxinas que a integran son **documentos interactivos**.

Así pois, **facilítase a navegabilidade** interna mediante:

1

O índice xeral, dende o que se pode acceder directamente aos correspondentes artigos, simplemente con facer click nos títulos.



2

Dende cada unha das páxinas interiores impares, a través do menú icónico situado no extremo superior dereito:

Regreso ao índice xeral

Regreso ao inicio do artigo actual

Páxina anterior e seguinte

ÍNDICE

0

RESUMO 9
RESUMEN 13
ABSTRACT 17
AGRADECEMENTOS 21
ÍNDICE DE FIGURAS 29
ÍNDICEDE TÁBOAS 31
ÍNDICE DE ACRÓNIMOS 33

1

INTRODUCIÓN

1.1. Etimoloxía e historia 35
1.2. Anatomía aórtica 38
1.3. AAA: definición e clasificación 40
1.4. Patoxénese 42
1.5. Historia natural 43
1.6. Epidemioloxía 44
1.7. Factores de risco 44
1.8. Clínica dos AAA 46
1.9. Diagnóstico do AAA 47
1.10. Cribado do AAA 48
1.11. Tratamento do AAA 49
1.11.1. Tratamento médico 49
1.11.2. Tratamento cirúrxico 51

2

OBXECTIVOS DA TESE DOUTORAL

2.1. Hipótese 53
2.2. Obxectivos 54
2.2.1. Obxectivo principal 54
2.2.2. Obxectivos secundarios/específicos 54

3

MATERIAL E MÉTODOS

3.1. Tipo de estudo 55
3.2. Poboación do estudo 55
3.3. Criterios de inclusión 55
3.4. Criterios de exclusión 55
3.5. Aspectos éticos 55
3.6. Recollida de datos e variables empregadas 56
3.7. Análise estatístico 60

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4 RESULTADOS
4.1. Descrición da poboación do estudo 61
4.2. Procedementos electivos 64
4.2.1. Características dos pacientes 64
4.2.2. Características do aneurisma 68
4.2.3. Tipo de tratamento empregado 68
4.2.4. Resultados a curto prazo 72
4.2.5. Resultados a longo prazo 83
4.2.6. Participación do cirurxián nas intervencións programadas 100
4.2.7. Calidade de vida e custos estimados en intervencións programadas 102
4.3. Procedementos urxentes 103
4.3.1. Características dos pacientes 103
4.3.2. Características do aneurisma 106
4.3.3. Tipo de tratamento empregado 106
4.3.4. Resultados a curto prazo 108
4.3.5. Resultados a longo prazo 114
4.3.6. Participación do cirurxián nas intervencións urxentes 125
4.3.7. Calidade de vida e custos estimados en intervencións urxentes 128

5 DISCUSIÓN
5.1. Análise da poboación do estudo 130
5.2. Análise dos procedementos electivos 130
5.2.1. Análise das características dos pacientes 130
5.2.2. Análise das características do aneurisma 131
5.2.3. Análise do tratamento empregado 132
5.2.4. Análise dos resultados a curto prazo 134
5.2.5. Análise dos resultados a longo prazo 137
5.2.6. Análise da participación do cirurxián nas intervencións programadas 141
5.2.7. Análise da calidade de vida e custos en procedementos programados 141
5.3. Análise dos resultados dos procedementos urxentes 144
5.3.1. Análise das características dos pacientes 144
5.3.2. Análise das características do aneurisma 145
5.3.3. Análise do tratamento empregado 145
5.3.4. Análise dos resultados a curto prazo 146
5.3.5. Análise dos resultados a longo prazo 149
5.3.6. Análise da participación do cirurxián nas intervencións urxentes 151
5.3.7. Análise da calidade de vida e custos nas intervencións urxentes 151
5.4. Discusión xeral 152

6 CONCLUSIÓNS 155

7 BIBLIOGRAFÍA 159

8 ANEXOS 171

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. Arco aórtico e aorta descendente, e as súas relacións. (De Netter images. Elsevier; acceso baixo licenza creative common). 36

Figura 2. Aorta abdominal e as súas ramas. (De Wein AJ, Kavoussi LR, Novick AC, et al. Campbell's urology. 9th ed. Philadelphia: Saunders; 2007. p. 6; acceso baixo licenza creative common). 37

Figura 3. Aorta normal e aorta aneurismática. (De A.D.A.M, suite of healthcare products; acceso baixo licenza creative common). 38

Figura 4. Tipos morfolóxicos de AAA. (Por Bricelyn H. Strauch; acceso baixo licenza creative common). 39

Figura 5. Clasificación dos AAA segundo a súa localización. (De UptoDate, acceso baixo licenza creative common). 39

Figura 6. Esquema exemplo das distintas conformacións do enxerto na CA (acceso baixo licenza creative common). 49

Figura 7. Distribución dos pacientes por sexo. 59

Figura 8. Distribución dos pacientes por técnica. 60

Figura 9. Distribución dos pacientes polo carácter programado ou urxente da intervención. 60

Figura 10. Distribución dos pacientes por técnica e polo carácter programado ou urxente. 61

Figura 11. Evolución da distribución dos pacientes segundo a técnica ó longo do período de estudo. 61

Figura 12. Distribución da técnica de tratamento segundo a idade nos procedementos electivos. 62

Figura 13. Distribución do risco anestésico segundo a técnica nos procedementos electivos. 64

Figura 14. Distribución da comorbilidade segundo o índice de Charlson e segundo técnica nos procedementos electivos. 65

Figura 15. Distribución do tratamento médico segundo técnica nos procedementos electivos. 65

Figura 16. Distribución de aneurismas ilíacos e hipogástricos segundo a técnica nos procedementos electivos. 66

Figura 17. Distribución da técnica ó longo do período de estudo nos procedementos electivos. 67

Figura 18. Distribución da conformación do enxerto na CA nos procedementos electivos. 67

Figura 19. Distribución da conformación da endoprótese nos procedementos electivos. 68

Figura 20. Porcentaxe de embolización hipogástrica no EVAR nos procedementos electivos. 68

Figura 21. Porcentaxe de EVAR percutáneos nos procedementos electivos. 69

Figura 22. Análise multivariante sobre os factores asociados con complicacións a trinta días tras o tratamento electivo por AAA. 73

Figura 23. Análise multivariante dos factores asociados con complicacións a trinta días tras CA electiva por AAA. 74

Figura 24. Análise multivariante dos factores asociados con complicacións a trinta días tras EVAR electivo por AAA. 75

Figura 25. Análise multivariante sobre o FRA nos procedementos electivos. 81

Figura 26. Curva de supervivencia global no tratamento electivo. 82

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Figura 27. Curva de supervivencia segundo a técnica no tratamento electivo. 83

Figura 28. Análise multivariante sobre a mortalidade a longo prazo nos procedementos electivos. 86

Figura 29. Reintervención por fuga no EVAR programado e por fuga reiterada. 87

Figura 30. Porcentaxes de cada tipo de fuga no seguimento no EVAR nos procedementos electivos. 88

Figura 31. Reintervención por fuga II e por fuga II reiterada. 88

Figura 32. Curva de supervivencia libre de reintervención no global do tratamento electivo. 89

Figura 33. Curva de supervivencia libre de reintervención por técnica no tratamento electivo. 90

Figura 34. Curva de supervivencia libre de reintervención por fuga no tratamento electivo. 91

Figura 35. Curva de supervivencia libre de reintervención por fuga tipo II no tratamento electivo. 92

Figura 36. Curva de supervivencia libre de reintervención por fuga tipo I e III no tratamento electivo. 93

Figura 37. Curva de supervivencia libre de reintervención por causa distinta a fuga no tratamento electivo. 94

Figura 38. Análise multivariante sobre reintervención. 96

Figura 39. Análise multivariante sobre reintervención ou *exitus*. 97

Figura 40. Evolución do tipo de intervencións nas que participa o investigador no tempo no tratamento electivo. 98

Figura 41. Distribución da participación segundo a técnica no período de formación no tratamento electivo. 99

Figura 42. Distribución da participación segundo a técnica no período de cirurxián novel no tratamento electivo. 100

Figura 43. Distribución da técnica de tratamento segundo a idade nos procedementos urxentes. 102

Figura 44. Distribución da comorbilidade segundo o índice de Charlson e segundo a técnica nos procedementos urxentes. 103

Figura 45. Distribución do tratamento médico segundo a técnica nos procedementos urxentes. 104

Figura 46. Distribución da técnica ó longo do período do estudo nos procedementos urxentes. 105

Figura 47. Distribución da conformación do enxerto en CA nos procedementos urxentes. 105

Figura 48. Distribución da conformación da endoprótese nos procedementos urxentes. 106

Figura 49. Análise multivariante sobre a supervivencia a trinta días nos procedementos urxentes. 109

Figura 50. Análise multivariante sobre os factores que inflúen no FRA. 112

Figura 51. Curva de supervivencia global no tratamento urxente. 113

Figura 52. Curva de supervivencia segundo a técnica no tratamento urxente. 114

Figura 53. Curva de supervivencia libre de reintervención no global do tratamento urxente. 116

Figura 54. Curva de supervivencia libre de reintervención por técnica no tratamento urxente. 117

Figura 55. Curva de supervivencia libre de reintervención por fuga no tratamento urxente. 118

Figura 56. Curva de supervivencia libre de reintervención por fuga tipo II no tratamento urxente. 119

Figura 57. Curva de supervivencia libre de reintervención por fuga non II no tratamento urxente. 120

Figura 58. Curva de supervivencia libre de reintervención por causa distinta a fuga no tratamento urxente. 121

Figura 59. Evolución do tipo de intervencións nas que participa o investigador no tempo do estudo, no tratamento urxente. 123

Figura 60. Distribución da participación segundo a técnica no período de formación no tratamento urxente. 124

Figura 61. Distribución da participación segundo a técnica no período de cirurxián novel no tratamento urxente. 125

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Risco de rotura anual en relación co diámetro máximoo AAA expresado en porcentaxe[54]. 41

Táboa 2. Estudos de prevalencia de AAA en España. 42

Táboa 3. Aumento do risco de padecer AAA por grupos de idade. 43

Táboa 4. Síntomas máis frecuentes no AAA roto. 45

Táboa 5. Factores de risco cardiovascular nos pacientes programados. 63

Táboa 6. Datos do hemograma e da bioquímica nos pacientes programados. 63

Táboa 7. Datos do hemograma e bioquímica comparando CA e EVAR. 64

Táboa 8. Tipo de endoprótese empregada no EVAR electivo segundo a súa aparición no mercado e no tempo de seguimento. 69

Táboa 9. Complicacións a trinta días no tratamento electivo. 70

Táboa 10. Análise univariante sobre os factores que inflúen nas complicacións tras intervención electiva por AAA. 71

Táboa 11. Análise univariante sobre os factores que inflúen nas complicacións tras a CA nos procedementos electivos. 72

Táboa 12. Análise univariante sobre os factores que inflúen nas complicacións tras o EVAR nos procedementos electivos. 72

Táboa 13. Causas de morte a trinta días no tratamento electivo. 76

Táboa 14. Análise univariante sobre a supervivencia a trinta días nos procedementos electivos. 77

Táboa 15. Análise univariante dos datos do hemograma e a bioquímica sobre a supervivencia a trinta días nos procedementos electivos. 78

Táboa 16. Influencia da ERC con eFG menor de 60 ml/min na supervivencia a trinta días nos procedementos electivos. 78

Táboa 17. Univariante sobre factores que inflúen na supervivencia a trinta días na CA nos procedementos electivos. 78

Táboa 18. Datos da función renal expresados en eFG segundo a técnica a curto prazo. 79

Táboa 19. Análise univariante sobre o FRA nos procedementos electivos. 80

Táboa 20. Complicacións a longo prazo no tratamento electivo. 82

Táboa 21. Causas de morte no seguimento. 83

Táboa 22. Análise univariante sobre a supervivencia global nos procedementos electivos. 84

Táboa 23. Análise univariante sobre a supervivencia na CA. 85

Táboa 24. Análise univariante sobre a supervivencia no EVAR nos procedementos electivos segundo a endoprótese empregada. 85

Táboa 25. Análise univariante sobre a reintervención no EVAR nos procedementos electivos segundo o tipo de endoprótese empregada (1). 95

Táboa 26. Análise univariante sobre a reintervención no EVAR nos procedementos electivos segundo o tipo de endoprótese empregada (2). 95

USC DE COMPOSTELA

Táboa 27. Comparación do tratamento mediante EVAR e EVAS en canto a reintervencións. 96

Táboa 28. Ritmo de descenso do eFG segundo técnica nos procedementos electivos. 98

Táboa 29. Participación do cirurxián no total das intervencións programadas. 99

Táboa 30. Participación do médico interno residente nas intervencións programadas. 99

Táboa 31. Participación do cirurxián novel nas intervencións programadas. 100

Táboa 32. Análise do número de consultas, exploracións e reingresos /ano para ámbalas técnicas nos procedementos electivos. 101

Táboa 33. Factores de risco cardiovascular no tratamento urxente. 102

Táboa 34. Datos do hemograma e da bioquímica dos pacientes sometidos a intervención urxente por AAA. 103

Táboa 35. Datos do hemograma e da bioquímica dos pacientes sometidos a intervención urxente por AAA segundo a técnica. 103

Táboa 36. Complicacións a trinta días no tratamento urxente. 106

Táboa 37. Análise univariante sobre a supervivencia a trinta días nos procedementos urxentes. 107

Táboa 38. Análise univariante sobre os factores que inflúen na supervivencia a trinta días na CA nos procedementos urxentes. 108

Táboa 39. Evolución da función renal a curto prazo. 110

Táboa 40. Análise univariante sobre os factores que inflúen no FRA. 111

Táboa 41. Causas de *exitus* no seguimento no tratamento urxente. 114

Táboa 42. Análise univariante da supervivencia a longo prazo nos procedementos urxentes. 115

Táboa 43. Datos da función renal a longo prazo segundo a técnica. 122

Táboa 44. Impacto do FRA a longo prazo nos procedementos urxentes. 122

Táboa 45. Ritmo de descenso do eFG ó longo do tempo nos procedementos urxentes. 122

Táboa 46. Participación do cirurxián no total das intervencións urxentes. 123

Táboa 47. Participación do médico interno residente nas intervencións urxentes. 124

Táboa 48. Participación do cirurxián novel nas intervencións urxentes. 125

Táboa 49. Número medio de revisións, exploracións complementarias e reingresos por tempo de seguimento. 126

Táboa 50. Mortalidade a trinta días nos estudos aleatorizados que comparan a cirurxía aberta e o tratamento endovascular do AAA [169]. 127

Táboa 51. Clasificación dos diferentes tipos de endofugas e endotensión[64]. 137

Táboa 52. Complicacións a trinta días tras intervención urxente por AAA[266]. 145

ACRÓNIMOS EMPREGADOS

AAA: Aneurisma de aorta abdominal.
ACO: Tratamento anticoagulante.
AG: Tratamento antiagregante plaquetario.
AHA: Asociación Americana do corazón.
ARA 2: Bloqueantes dos receptores da anxiotensina.
ASA: Clasificación do Estado Físico da *American Society of Anesthesiologist.*
CA: Cirurxía aberta.
CI: Cardiopatía isquémica.
DLP: Dislipemia.
DM: Diabetes mellitus.
EAP: Enfermidade arterial periférica.
ED: Eco-Doppler.
eFG: Filtrado glomerular estimado.
EPOC: Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica.
ERC: Enfermidade renal crónica.
EVAR: Tratamento endovascular do aneurisma da aorta abdominal.
FAE: Fístula aortoentérica.
FRA: Fracaso renal agudo.
HTA: Hipertensión arterial.
IECA: Inhibidores da enzima conversora da anxiotensina.
IMC: Índice de masa corporal.
ITB: Índice noelo/brazo.
IVUS: Ultrasonido intravascular.
OMS: Organización mundial da saúde.
OR: Odds ratio.
PTFE: politetrafluoroetileno expandido.
TAC: Tomografía axial computadorizada.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1

INTRODUCIÓN

1.1. ETIMOLOXÍA E HISTORIA

O termo aorta deriva do grego antigo, da palabra ἀορτή (aeiro) que se orixina no verbo ἀορτήέω (aorteo) e que significa saír. A súa orixe parece ter que ver coa morfoloxía da mesma, da súa continuidade co corazón, amosando que este último sae da aorta [1].

Á súa vez, etimoloxicamente falando, é acertado dicir que provén do termo médico arteria, derivado do grego ἀρτηρία (arteria), termo composto por dúas palabras, ἀήρ (aer), que significa aire, e τηρείν (terein), que significa gardar [2]. Nun principio, Hipócrates usou a palabra aorta para describir as vías respiratorias, xa que antano pensábase que as arterias eran os condutos por onde viaxaba o aire, xa que as atopaban baleiras nos cadáveres [2].

Por outro lado, a palabra aneurisma deriva do grego ἀνεύρυσμα (aneurisma), que significa apertura/ensanchamento [2].

A aterosclerose, foi descrita xa en momias Exipcias, con máis de 3.500 anos [3]. Un dos primeiros escritos médicos, o Papiro de Ebers, que data do 2.000 a.C, describe os aneurismas arteriais e recomenda o seu tratamento: "Trátaos cun coitelo e quéimaos para que non sanguen demasiado"[3–5].

A modo de resumo, lembramos unha serie de médicos ilustres relacionados co tratamento dos aneurismas; comezamos con Antyllus, un cirurxián grego, que describe o seu tratamento 200 anos a.C, mediante ligaduras da arteria a súa entrada e saída do aneurisma, baleirando o seu contido e despois empaquetando a cavidade sen resecar o saco. Ademais postulou que "aqueles que ligan as arterias en cada extremo, como eu recomendo, pero amputan a zona dilatada, practican unha cirurxía de risco. A violenta tensión da arteria, a miúdo despraza as ligaduras" [4,6,7].

Catro séculos despois, Galeno, no século II d. C, definiu aneurisma como unha "elevación pulsátil localizada".

Nomeamos a dous personaxes importantes do século XVI: Ambroise Paré (1510-1590), quen estableceu a práctica de ligar o aneurisma sen abrir o saco, polo risco dunha hemorraxia fatal [8,9]; e por suposto a Andreas Vesalius (1514-1564), coetáneo de Paré, gran anatomista, que foi o primeiro en describir os aneurismas torácicos e abdominais [10].

Xa na idade media e posteriormente, era frecuente a punción da vea mediana basílica para as sangrías, formándose aneurismas na fosa antecubital. Purmann, ligou a arteria proximal e distalmente ó aneurisma, resecando o saco, no 1680 [5].

No século XVIII, mención especial a John Hunter (1728-1793), que tratou os aneurismas poplíteos, ligando a arteria femoral superficial proximalmente, nesta zona coñecida hoxe como o canal de Hunter, e estudou o posterior desenvolvemento da circulación colateral a este nivel, despois da ligadura arterial [11]; recoñecido tamén, Astley Cooper (1768-1841), que foi o primeiro en ligar a aorta para tratar un aneurisma ilíaco roto [12].

Xa na segunda metade do século XIX e primeira do XX, lembramos a Rudolf Matas (1860-1957), que estableceu a endoaneurismorrafia, controlando proximal e distalmente o saco, cerrándoo, suturando colaterais e mantendo a luz para o paso do sangue [13]; e por suposto o doutor Goyanes Capdevila (1876-1964), nacido en Monforte de Lemos, que realizou diferentes aportes á cirurxía vascular, sendo uns dos máis coñecidos o tratamento do aneurisma poplíteo cunha endoaneurismorrafia e restitución da continuidade arterial coa mesma vena poplítea.

Importante acontecemento para o desenvolvemento do tratamento dos aneurismas foi o descubrimento dos raios X por Roentgen en 1895, e a posterior introdución da anxiografía moderna en 1923 por Brooks, inxectando ioduro de sodio no sistema arterial [14].

Co paso dos anos, propuxéronse múltiples métodos para o tratamento dos aneurismas de aorta, ligadura, *banding* proximal, envoltura en celofán, coagulación electrotérmica...[4]

As técnicas modernas da reparación dos aneurismas comezaron grazas a Carrel (1873-1944), premio Nobel de Medicina en 1912, xa que mostrou en animais, a posibilidade de substituír un segmento da aorta por unha porción de outra arteria ou vea mediante a anastomose entre os segmentos [8]. No 1944, Claerence Crafoord e Gustav Nylin, comunicaron a primeira anastomose aórtica término-terminal exitosa, en Suecia[15].

Nos primeiros anos cincuenta, cirurxiáns tales como Schafer e Hardin, Dubost, Debakey e Cooley, e Bahnson substituíron aneurismas da aorta abdominal (AAA) por enxertos aórticos de cadáver, o que foi un gran adianto no tratamento desta patoloxía [16–19]; se falamos de cirurxía urxente, Bahnson foi o primeiro en tratar un AAA roto con éxito, en 1953 [20], seguido despois de Gerbode, Cooley e Debakey, e Javid [21,22].

Voorhes, Jaretski e Blakemore, introduciron as primeiras próteses de tea (*Vinyon-N*) para substituír a arteria, no 1952[23], e Creech, no 1966, combinou o método de Matas da aneurismorrafia coa substitución mediante enxerto, deixando o saco [24].

Posteriormente Michael Debakey, desenvolveu a técnica usando próteses de Dacron [25], e Crawford (1973) describe a técnica actual de reparación do AAA [26], que consiste na apertura do saco aneurismático, interposición dun material protético e posterior peche do saco rodeando ó enxerto.

O maior avance no manexo desta patoloxía e na cirurxía vascular, nos últimos anos é o tratamento endovascular.

Xa Dotter no 1969, colocou de xeito experimental a primeira endoprótese arterial nunha arteria poplítea dun can [27], pero sen dúbida foi Parodi, quen despois de numerosas investigacións, normalizou o uso das endopróteses; comezou a usalas nos AAA, sendo implantadas en persoas por primeira vez no 1991 [28].

Dr. Michael Debakey coa máquina de coser da súa muller fabricando as primeiras arterias artificiais.
(Baylor College of Medicine Archives)

1.2. ANATOMÍA AÓRTICA

A aorta é a arteria principal do corpo, sobe desde o corazón á dereita, debaixo do tronco pulmonar, coma a aorta ascendente.

O arco aórtico fórmase á medida que viaxa cara atrás e á esquerda, cruzando o hilum do pulmón esquerdo. A nivel da cuarta vertebra torácica, a aorta baixa e sitúase á esquerda da columna no seu primeiro segmento, a aorta descendente. No tórax o esófago sitúase diante e unha vez atravesa o hiato aórtico do diafragma, pasa a chamarse aorta abdominal (Figura 1).



Figura 1. Arco aórtico e aorta descendente, e as súas relacións. (De Netter images. Elsevier; acceso baixo licenza creative common).

A nivel do embigo, correspondente a cuarta vértebra lumbar, aparece a bifurcación aórtica para dar lugar ás arterias ilíacas comúns, esquerda e dereita. Ambas divídense a súa vez nunha rama cara a pelve, a arteria ilíaca interna, e noutra cara a perna, a arteria ilíaca externa. Ó final da aorta existe unha soa rama, a sacra media, remanente dunha arteria da cola/rabo (Figura 2).



Figura 2. Aorta abdominal e as súas ramas.
(De Wein AJ, Kavoussi LR, Novick AC, et al. Campbell's urology. 9th ed. Philadelphia: Saunders; 2007. p. 6; acceso baixo licenza creative common).

1.3. AAA: DEFINICIÓN E CLASIFICACIÓN

A definición máis aceptada do AAA, é a dilatación focal e permanente do diámetro aórtico de 3 ou máis cm, o que representa un aumento do 50% do diámetro aórtico normal (2cm). Para compensar variacións individuais, tamén se propón como definición de AAA, cando o máximo diámetro aórtico infrarrenal é polo menos unha vez e media maior que o diámetro aórtico infrarrenal normal esperado [29,30] (Figura 3).



Figura 3. Aorta normal e aorta aneurismática.
(De A.D.A.M, suite of healthcare products; acceso baixo licenza creative common).

A localización aórtica máis común de formación de aneurismas é o seu segmento infrarrenal. Segundo a súa estrutura, os aneurismas verdadeiros afectan ás tres capas da arteria (íntima, media e adventicia) namentres que os pseudoaneurismas aparecen como consecuencia de danos á parede arterial, e pódense considerar coma un hematoma que deriva dunha rotura contida na parede arterial [8,31].

Segundo a súa etioloxía pódense clasificar os aneurismas en conxénitos, dexenerativos, inflamatorios, por enfermidades do tecido conectivo, infecciosos e postestenóticos [8].

A causa máis frecuente é a dexenerativa, non sendo só o envellecemento por si mesmo capaz de producir un aneurisma. A arteriosclerose, pode afectar a calquera arteria do corpo, sendo a aorta abdominal a que está implicada máis habitualmente [8].

A nivel morfolóxico existen dous tipos de aneurismas: o máis frecuente, o fusiforme, que afecta circunferencialmente á arteria; e o sacular, que só afecta a unha porción da circunferencia, con máis propensión á rotura [32] (Figura 4).



Figura 4. Tipos morfolóxicos de AAA.
(Por Bricelyn H. Strauch; acceso baixo licenza creative common).

O AAA pode clasificarse ademais, pola súa relación anatómica coas arterias renais. O aneurisma infrarrenal atópase distal á súa saída, mentres que o aneurisma xustarrenal orixínase ó mesmo nivel, sen existir un segmento de parede aórtica normal entre o aneurisma e as arterias renais. No aneurisma pararrenal as arterias renais teñen a súa orixe na porción aneurismática da aorta, que finaliza ó nivel da arteria mesentérica superior. O aneurisma suprarrenal afecta ós vasos viscerais comezando por encima de a lo menos dunha das arterias renais e remata debaixo do diafragma. Se o aneurisma crece por riba da saída do tronco celíaco pasa a denominarse aneurisma tóracoabdominal[29,33] (Fig. 5).



Figura 5. Clasificación dos AAA segundo a súa localización.
(De UptoDate, acceso baixo licenza creative common).

1.4. PATOXÉNESE

Como xa se comentou, o AAA máis frecuente é o dexenerativo, en gran parte desenvolvido por cambios secundarios á arteriosclerose. Aínda así, na súa formación están implicados outros factores, estruturais, inflamatorios e hemodinámicos.

A aorta está composta por tres capas: a íntima, a media e a adventicia.

A íntima, en contacto directo co sangue, está composta por unha lámina elástica de células endoteliais, que producen radicais libres de osíxeno e contribúen á formación do aneurisma [34].

A media, composta por unidades de células musculares lisas, elastina, coláxeno, proteoglicanos e fibroblastos [35]; esta capa é a que en suxeitos sans mantén a integridade da parede aórtica. En condicións normais, obsérvase unha redución de capas de elastina desde o nivel torácico ata o nivel infrarrenal. Co paso dos anos estas unidades diminúen a súa vez, durante a formación do aneurisma, xa que os adultos non sintetizan elastina, que ten unha vida media duns corenta a setenta anos, o que podería xustificar a maior prevalencia en anciáns. O non existir vasa vasorum nesta capa, redúcese o seu aporte de nutrientes, potenciando cambios dexenerativos. Finalmente, a degradación da elastina xunto co depósito do coláxeno aumenta a rixidez da parede aórtica co paso do tempo [36,37].

A rotura é o estadio final da enfermidade, cando as fibras de coláxeno residuais non son suficientes para manter a integridade da parede. A capa máis externa, a adventicia, na que se atopan os vasa vasorum, está constituída por coláxeno, fibroblastos, e fibras nerviosas, tamén está implicada na formación do aneurisma [38].

Estudos histolóxicos de AAA humanos, describen a presenza dun infiltrado inflamatorio crónico con aumento linfocitario, de macrófagos e de citoquinas [39]; neste proceso inflamatorio quíxose amosar relación con antíxenos coma o Citomegalovirus ou a Chlamydia pneumoniae, sen finalmente poder demostrarse [40]; tamén se investigan mecanismos relacionados con autoinmunidade, como alteracións hereditarias do HLA-DR (antíxeno leucocitario humano) [41,42].

Na capa media prodúcese a degradación proteolítica e obsérvase no AAA o aumento destas encimas con respecto as que a inhiben, confirmándose a presenza de metaloproteinasas con maior actividade nos aneurismas de maior tamaño [43].

Os factores hemodinámicos son os que fan ser á aorta infrarrenal máis vulnerable para o desenvolvemento dos aneurismas. A tensión parietal e a pulsatilidade aumenta na parte final da aorta como consecuencia da reflexión das ondas na bifurcación aórtica e á presenza das arterias viscerais [44]. A lei de Laplace explica que a tensión parietal aórtica é proporcional ó diámetro do aneurisma (radio do vaso) e á tensión arterial (presión intraluminal); e é inversamente proporcional ó grosor da parede vascular. Estanse a desenvolver sistemas de detección e cuantificación desta tensión sobre a parede aórtica para intentar determinar o risco de rotura dos AAA [45,46].

1.5. HISTORIA NATURAL

Aínda que en algún paciente o diámetro do aneurisma mantense estable co paso do tempo, como regra xeral pódese resumir a evolución natural do AAA no seu crecemento progresivo ata que finalmente se produce a súa rotura, se non existe unha enfermidade concomitante que produza antes o falecemento do doente.

A taxa de crecemento aneurismático anual aumenta co diámetro aórtico, aínda que non deixa de ser o resultado de estimacións lineais prácticas da expansión aórtica media en cohortes de gran tamaño, mentres que o crecemento do AAA é maioritariamente discontínuo[47,48].

O ritmo de crecemento do AAA é independente da idade e do sexo, pero outros factores coma o tabaquismo activo, a hipertensión arterial ou antecedentes familiares, relacionáronse cun aumento do mesmo. Estímase un aumento duns 0,35 mm/ano sobre a taxa de crecemento do AAA en pacientes fumadores con respecto ós que non o son [49–51].

Como factor protector, a diabetes mellitus (DM) parece diminuír o ritmo de crecemento anual nuns 0,51 mm [52]. Obsérvase en pacientes diabéticos unha redución das metaloproteinasas de matriz, unha diminución no estrés da parede aórtica así coma un maior grosor da mesma [53]; estes achados indican un paradóxico efecto beneficioso en contrapunto co gran impacto negativo da DM no resto dos niveis. Ademais estudos experimentais indican que os fármacos antidiabéticos inhiben a súa vez o crecemento do aneurisma [52].

O diámetro do aneurisma é clasicamente o principal factor determinante do risco de rotura do AAA. O risco de rotura dun AAA entre 4 e 5 cm de diámetro máximo está entre o 0,5 e o 5% anual, e sube ata o 20% en aneurismas entre 6 e 7 cm (Táboa 1). Este elevado risco de rotura derívase nunha alta mortalidade, podendo ser superior ó 85% dos casos [54].

Táboa 1: Risco de rotura anual en relación co diámetro máximo o AAA expresado en porcentaxe[54].

Diámetro máximo do AAA (cm)	Risco de rotura anual (%)
<4	0
4-5	0,5-5
5-6	3-15
6-7	10-20
7-8	20-40
>8	30-50

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha maior taxa de crecemento, a forma sacular do aneurisma e a presenza de historia familiar previa tamén aumentan o risco de rotura do AAA [55].

1.6. EPIDEMIOLOXÍA

A prevalencia do AAA presenta grandes diferenzas segundo a xeografía que se estude e varía en función da idade, sexo e factores de risco dos pacientes [56,57].

No metaanálise de Li et al do 2013 [58], con máis de 800.000 pacientes, inclúense 56 estudos de prevalencia realizados entre 1988 e 2013, obtendo unha prevalencia xeral do 4,8%, 6% en varóns e 1,6% en mulleres. A prevalencia por continentes mostra cifras moi diferentes: América 2,2%, Australia 6,7%, Asia 0,5%.

No que se refire ó noso país, tamén existen varios estudos de prevalencia en distintas comunidades autónomas (Táboa 2).

Táboa 2: Estudos de prevalencia de AAA en España.

	Ano	Rexión	n	Idade	Prevalencia
Ortega-Martín JM, et al [59]	2007	León	337	65-75	4,2%
Vallina Vázquez MJ, et al [60]	2007	Xixón	300	> 65	4,4%
Barba A, et al [61]	2013	Vizcaia	781	65	4,7%
Salvador-González B, et al [62]	2016	Barcelona	651	65-74	2,3%

1.7. FACTORES DE RISCO

Podemos clasificar os factores de risco en modificables ou non modificables. Os factores non modificables son a xenética, a raza ou etnia, o sexo e a historia familiar.

A idade avanzada, o tabaquismo, a hipertensión arterial (HTA), a hipercolesterolemia e a arteriopatía periférica establecida (EAP) son factores de risco ben coñecidos para o desenvolvemento do AAA [8]. A obesidade, atópase coma un factor de risco independente para o desenvolvemento do AAA en homes, e os niveis séricos de adipocinas proinflamatorias como a resistina**,** teñen unha correlación forte co diámetro aórtico [63].

Os afroamericanos, o sexo feminino e a DM, están asociados a unha redución no risco de desenvolver un AAA [64].

Por outro lado, pacientes con enfermidades do tecido conectivo, tales coma o Síndrome de Marfan ou o Ehlers- Danlos están predispostos á formación de aneurismas [8].

- *Idade*

  A idade é un factor de risco non modificable para o desenvolvemento do AAA. A prevalencia aumenta co aumento da idade [65,66] (Táboa 3).

Táboa 3: Aumento do risco de padecer AAA por grupos de idade.

Idade	Odds Ratio para AAA
55-59	2,76
60-64	5,35
65-69	9,41
70-74	14,46
75-79	20,43
80-84	28,37

- *Sexo*

  O sexo é un dos factores de risco fundamentais para o desenvolvemento do AAA. A prevalencia é a lo menos tres veces superior en homes que en mulleres, segundo a idade e as series [67–69].

  No metaanálise de Li et al, mencionado previamente, a prevalencia global en homes é do 6% mentres que en mulleres é do 1,6% [58].

- *Raza*

  A prevalencia do AAA na raza branca é máis elevada que nos de raza negra, especialmente en varóns [70]. En individuos de máis de cincuenta anos, a prevalencia máis elevada describiuse no grupo de homes brancos co 5,4%, seguido de mulleres brancas co 1,9 %. Os homes de raza negra presentan unha prevalencia do 1,1% e as mulleres negras o 1% [71,72].

  A raza asiática presenta prevalencias aínda menores, cunhas cifras entorno ó 0,5% [58,70].

- *Historia familiar*

  Os pacientes con antecedentes familiares de AAA teñen un risco aumentado de desenvolvelo. Entre un 12 e un 19% dos familiares de primeiro grado de pacientes operados de AAA padecerán do mesmo [73–76]. Un estudo sueco demostrou que o risco relativo de desenvolver un AAA era practicamente o dobre en familiares de primeiro grado de pacientes que o presentaban en comparación cos que non os tiñan [77,78]. Asociáronse diferentes xenes co AAA, coma os polimorfismo dos nucleótido simple (SNP) MMP3 rs3025058, rs9316871 e rs2836411 [79–81,82]

- *Tabaquismo*

  O hábito tabáquico é o maior factor de risco para xerar un AAA e considérase un risco independente de crecemento e rotura [83–85].

  O tabaco contribúe nun aumento do risco relativo en a lo menos o 3,5% comparado con outros factores de risco [64,86].

Ademais está asociado cun aumento de case o dobre na taxa de crecemento comparado con non fumadores [86].

- *Dislipemia (DLP)*
  A DLP é un factor de risco cardiovascular ben establecido, sen embargo non se obxectivou relación clara entre a incidencia do AAA e a súa presenza e tampouco co crecemento do aneurisma en pacientes xa diagnosticados [87,88].
- *Hipertensión arterial (HTA)*
  Os pacientes hipertensos son máis propensos a desenvolver aneurismas que a poboación xeral pero é un factor debilmente asociado ó mesmo [87–89].
- *Diabetes Mellitus (DM)*
  Aínda que poida parecer contraditorio, diferentes estudos amosan que a prevalencia do AAA en pacientes diabéticos é inferior que no resto da poboación. Incluso se lle otorgou á DM un carácter protector contra o AAA [89–91], como xa se comentou antes en relación a un menor *estrés* na parede do aneurisma e un maior grosor da mesma [92].
- *Cardiopatía isquémica (CI) e Arteriopatía periférica establecida (EAP)*
  A EAP e a CI como manifestacións da arteriosclerose son a súa vez factores de risco de desenvolver un AAA [93].

1.8. CLÍNICA DOS AAA

A maioría dos AAA son asintomáticos sendo o seu achado casual durante unha exploración abdominal rutinaria ou ó realizar unha proba de imaxe por outra causa.

Existen pacientes que describen unha masa pulsátil abdominal; se o aneurisma é grande e o paciente non está obeso, pódese identificar á palpación [94,95].

Podemos establecer unha sospeita clínica no 29% dos aneurismas de 3 a 3,9 cm, no 50% dos de entre 4 e 4,9 cm e en máis do 75% dos que miden máis de 5 cm, cunha simple exploración física [96,97].

Os AAA dan síntomas xeralmente cando alcanzan un gran tamaño producindo clínica compresiva local, como pode ser a hidronefrose por compresión ureteral, náuseas e vómitos por compresión duodenal, trombose venosa por compresión iliocava e incluso dor lumbar secundario á erosión posterior das vértebras [98–101].

A isquemia aguda por embolización distal de restos trombóticos contidos no aneurisma tamén pode observarse en algún paciente, pero é máis frecuente en aneurismas pequenos con trombo fisurado [102].

A trombose aguda da aorta é outra manifestación isquémica dos aneurismas de aorta, moi pouco frecuente pero de extrema gravidade[103].

A evolución natural do AAA é a rotura, presentando unha sintomatoloxía definitoria na maioría dos casos. Os pacientes con AAA roto soen presentar dor abdominal ou lumbar de instauración brusca, que se pode irradiar a rexión lumbar ou inguinal. Ademais, en xeral, son aneurismas palpables [104] (Táboa 4).

Táboa 4: Síntomas máis frecuentes no AAA roto.

Síntomas AAA roto	Frecuencia
Dor abdominal	61% (49%-72%)
Shock	46% (32%-61%)
Masa pulsátil	45% (29%-62%)

Aínda así, a tríade clásica de dor abdominal, hipotensión e masa pulsátil só se obxectiva nun 26% dos pacientes con AAA roto confirmado [105,106].

A gravidade acentúase segundo a onde se atope o punto de rotura do AAA, xa que se esta se produce na súa cara anterior, orixínase unha gran hemorraxia e o prognóstico empeora [107]. Se a rotura se produce na cara posterior, o sangrado pode quedar contido no espazo retroperitoneal temporalmente, aumentando as posibilidades de supervivencia.

Pódense producir tamén roturas contidas á cara postero-lateral, cara os corpos vertebrais, o músculo psoas ilíaco ou as fascias renais. Trátase de tecidos de alta resistencia e axudan a contención do hematoma. Son casos poucos frecuentes e a HTA asociada na maioría dos AAA rotos non se filia nestes AAA rotos contidos, evitando a progresión do hematoma [108]. Debido á estabilidade destes pacientes, o seu diagnóstico pode verse dificultado; a afectación da parede aórtica pode elevar marcadores sistémicos e en ocasións estes achados poden simular procesos inflamatorios ou trastornos crónicos[109].

1.9. DIAGNÓSTICO DO AAA

A exploración física coa palpación abdominal segue sendo un método válido para o diagnóstico do AAA, aínda que a súa sensibilidade e especificidade vai a depender do tamaño do aneurisma e do hábito do paciente, polo que non pode ser usado como único diagnóstico[96,110].

En pacientes asintomáticos, a eco-Doppler (ED) é o método de elección tanto para a súa detección como para o seu seguemento[94,111–113]. O seu baixo custo e o seu carácter non invasivo fana unha proba atractiva, ó que se lle une unha sensibilidade de un 98% e unha especificidade do 99% [30,114]. Pola contra, é unha proba operador dependente[115,116] e en algunhas ocasións non é posible visualizar a aorta abdominal por interposición de gas intestinal ou por atoparse a unha gran profundidade.

A anxiografía está en desuso hoxe en día, xa que pode visualizar o lumen aortoilíaco pero pode subestimar o seu tamaño real debido a existencia de trombose mural. Ademais tratase dunha proba invasiva e precisa o uso de contraste iodado[64].

A tomografía axial computadorizada (TAC) é o método de elección preoperatorio tanto para planear tratamento cirúrxico clásico ou endovascular, xa que nos aporta información detallada dos vasos e da anatomía circundante[117,118]. A introdución da imaxe tridimensional impulsou aínda máis o seu uso, especialmente á hora de planificar o tratamento endovascular. Os seus maiores inconvenientes son o uso da radiación e a necesidade de contrastes nefrotóxicos.

Ademais, a TAC é necesaria as veces no rastrexo, en casos nos que a ED non é concluinte e finalmente é tamén o método diagnóstico de elección nos aneurismas rotos[119,120].

A resonancia magnética tamén pode usarse para a planificación preoperatoria coa vantaxe de que non usa radiación coma no caso da TAC. Entre os seus inconvenientes temos que non sempre está dispoñible, o seu prezo e o tempo que precisa para a súa realización. Ademais non é apta para pacientes con claustrofobia, con implantes metálicos e non nos podemos esquecer da fibrose sistémica nefroxénica, un efecto secundario raro pero de consecuencias graves en pacientes con enfermidade renal crónica (ERC) [121–123].

O IVUS (ultrasonido intravascular) é un método invasivo que precisa de gran habilidade non só á hora da súa realización se non tamén da súa interpretación. Non usa medios de contraste e mide con gran precisión os diámetros aórticos[124–126].

1.10. CRIBADO DO AAA

Os programas de rastrexo diríxense a persoas asintomáticas para distinguir as que poden presentar un tipo de patoloxía das que non, e a súa finalidade é reducir a morbimortalidade asociada a esa patoloxía concreta, sendo polo tanto actividades de prevención secundaria.

Segundo a OMS (Organización Mundial da Saúde) o cribado defínese como " unha aplicación sistemática de unha proba para identificar a individuos con un risco suficientemente alto de sufrir un determinado problema de saúde, que se beneficia dunha acción preventiva directa, en suxeitos que non buscaron atención médica por síntomas relacionados con esa enfermidade"[127].

Varios ensaios controlados demostraron que os programas de rastrexo reducen a mortalidade relacionada co AAA en homes[128–130].

Unha revisión sistemática e dous metaanálises[67,131-134], concluíron que o cribado do AAA reduce o risco de mortalidade relacionada con aneurisma nun 45-50% en ho-

mes de entre 65 e 74 anos. O ensaio MASS (*Multicentre Aneurysm Screening Study*) mostrou o dobre de cirurxías programadas por AAA e a metade de cirurxías urxentes, no grupo sometido a rastrexo comparado co grupo de control[135].

A ED é o método de cribado para o AAA, xa que cumpre con tódolos criterios para realizar un bo cribado de acordo a OMS[136].

Aínda existindo toda esta evidencia, na nosa poboación non existe na actualidade un programa de rastrexo regrado de AAA.

1.11. TRATAMENTO DO AAA

1.11.1. Tratamento médico.

O tratamento dos pacientes con AAA de pequeno tamaño e asintomáticos é xeralmente conservador. Planifícanse revisións periódicas para avaliar o tamaño e o crecemento e optimízase o tratamento médico.

O obxectivo final deste tratamento sería frear o crecemento do aneurisma, previr a súa rotura e conseguir de novo un diámetro aórtico normal; a día de hoxe, non existe tal tratamento polo que as actuacións están dirixidas maiormente a previr a morte por outros eventos cardiovasculares.

Existen diferentes guías con recomendacións para a optimización mediante tratamento médico e hixiénico de pacientes con AAA.

- ***Tabaco:*** O tabaquismo ten unha intensa asociación co desenvolvemento e rotura do AAA e deixar de fumar reduce o seu risco e incluso reduce a súa taxa de crecemento[137]. Xa que o cese do hábito tabáquico ademais presenta beneficios adicionais sobre outros eventos cardiovasculares fan que a recomendación neste senso sexa forte.
- ***Exercicio físico:*** O exercicio moderado mellora a aptitude física dos pacientes e estudos retrospectivos mostran que os suxeitos con mellor situación física teñen unha mellor evolución tras a cirurxía por AAA[138]; ademais están demostrados outros efectos saudables.
- ***Tratamento antiagregante plaquetario (AG):*** Os antiagregantes plaquetarios parecen ter efecto estabilizando a parede arterial, diminuíndo a formación do trombo mural e reducindo a inflamación na localización do aneurisma[139]. Non hai acordo segundo diferentes estudos de se a aspirina é capaz de reducir o crecemento do aneurisma[140–142]. Proponse o tratamento con aspirina nos pacientes con AAA como prevención secundaria, pola prevalencia existente de enfermidade cardiovascular nestes pacientes.
- ***Estatinas:*** As estatinas reducen os niveles de lípidos polo que axudan a diminuír o proceso arterioscleroso en pacientes con DLP, diminuíndo así os eventos cardiovasculares. Ademais do descenso lipídico, as estatinas teñen efectos a outros niveis[143]. O principal é a inhibición da síntese de colesterol e dos isoprenoides pola inhibición da hidroximetilglutaril-CoA reductasa[144] dando lugar a unha regulación da síntese endo-

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

telial de óxido nítrico necesaria para o funcionamento da parede dos vasos. Despois do tratamento con estatinas, obsérvase unha diminución de marcadores inflamatorios como a proteína C reactiva, polo que se lle atribúen efectos antiinflamatorios. Outros efectos potenciais das estatinas son a inmunomodulación, a estabilización da placa, a diminución da actividade de coagulación sanguínea, a modulación da actividade simpática e a inhibición da agregación plaquetaria[144]. A maiores, as estatinas diminúen a expresión de metaloproteasas, implicadas na patoxénese do AAA[145,146]. Aínda que varios metaanálises non demostraron con evidencia significativa a redución das taxas de crecemento ou rotura dos AAA mediante tratamento con estatinas, sí que amosaron beneficio na supervivencia[147,148]. Polo tanto, o tratamento con estatinas é recomendado para diminuír os eventos cardiovasculares dos pacientes con AAA.

Despois dos fármacos de primeira línea descritos, cun efecto demostrado beneficioso para o paciente con AAA, podemos mencionar outros que tamén se postulan como posibles tratamentos, aínda que a evidencia actual non os avala, así como mencionar a existencia dalgunha terapia en estudo.

- ***Bloqueadores beta:*** O seu efecto diminuíndo a frecuencia cardíaca, resulta nun alargamento do tempo de recheo diastólico e unha diminución da contractilidade, polo que se diminúe a demanda de osíxeno do miocardio. De novo o seu uso está enfocado na prevención secundaria de eventos cardiovasculares[148]. O efecto beneficioso dos mesmos demostrouse en pacientes de elevado risco cardiovascular sempre e cando o tratamento se puidera comezar como mínimo un mes antes da cirurxía por AAA[149].
- ***Inhibidores da enzima conversora da anxiotensina (IECA) e bloqueantes dos receptores da anxiotensina (ARA2):*** Non hai evidencia suficiente sobre os efectos destes antihipertensivos nas taxas de crecemento ou de rotura dos AAA[141,150]. Precísanse estudos aleatorizados de máis volume para establecer un consenso.
- ***Antibióticos:*** As tetraciclinas inhiben a síntese de metaloproteinasas na parede dos AAA[151–153]. Existen diferentes estudos con tratamento de pacientes con aneurismas con doxiciclina para valorar o seu efecto no crecemento dos AAA e a rotura[154 152,155].
- ***Terapias en estudo:*** Nestes momentos existen estudos avaliando fármacos antiinflamatorios, novos fármacos antiagregantes e fármacos sobre a inhibición das proteasas[154].

O resumo das principais recomendacións das guías de práctica clínica son[64,156] :

- Control adecuado da tensión arterial, que debe de ser menor de 140/90 ou 130/80 en pacientes con DM, para reducir a morbimortalidade cardiovascular.
- Iniciar AG con ácido acetilsalicílico a doses baixas, salvo contraindicación.
- Inicio de tratamento con estatinas, polo seu probable efecto na diminución da taxa de crecemento do aneurisma[147,157].
- Recomendar o abandono do hábito tabáquico en pacientes fumadores. Deixar de fumar reduce o risco de desenvolvemento de AAA, e incluso reduce nun 20-30% a súa taxa de crecemento[62,137].
- Estilo de vida: A asociación Americana do corazón (*AHA*) recomenda a lo menos 30 minutos de actividade aeróbica de intensidade moderada-alta cinco días á semana ou 25 minutos de exercicio intenso tres veces por semana. Ademais fanse recomen-

dacións dietéticas insistindo na inxestión de froitas e verduras, peixe, legumes e froitos secos, ademais do uso de aceites vexetais. Por outro lado limitan a inxestión de azucres, carnes vermellas[158].

1.11.2. Tratamento cirúrxico.

Antes de planear un tipo de tratamento ou outro hai que establecer o momento adecuado para cada paciente segundo o seu risco de rotura, que ven influenciado por diferentes factores, como son o sexo, o tamaño e forma do aneurisma e a súa taxa de crecemento[64].

En xeral, en pacientes asintomáticos con AAA menores de 5 cm o tratamento é conservador. A partir deste tamaño precísanse valoracións individualizadas.

En varóns asintomáticos con taxas de crecemento do aneurisma menores a 1 cm ó ano, o limiar de tratamento cirúrxico establécese nos 5,5 cm[64,159]. Estímase que o risco anual de rotura neste punto excede a mortalidade operatoria e que o paciente presentará unha supervivencia superior ó risco que supón o tratamento cirúrxico.

En mulleres, o risco de rotura é maior que en homes, polo que o limiar de tratamento é máis baixo, indicando intervención con 5 cm de diámetro[64,159].

O seguinte enfoque é cómo tratar: O tratamento cirúrxico clásico, mediante cirurxía aberta (CA), consiste no control da aorta proximal e distal ó aneurisma, posterior apertura do saco aneurismático e interposición de un material protético. Finalmente sutúrase de novo o saco rodeando ó enxerto protético.



Inxerto aorto-aórtico

Inxerto aorto-biilíaco

Figura 6. Esquema exemplo das distintas conformacións do enxerto na CA (acceso baixo licenza creative common).

En contraposición, está o tratamento endovascular do AAA (EVAR), un procedemento máis recente aínda que conta xa con máis de vinte anos de evolución. Consiste na introdución de diferentes próteses dentro do saco aneurismático a través das arterias femorais, conseguindo que o sangue discorra no seu interior, excluíndo a aorta enferma da presión evitando que siga medrando e polo tanto diminuíndo o seu risco de rotura. Este tratamento postúlase como un método menos invasivo e de menor risco que a CA, catalogada de alto risco cirúrxico debido a súa duración, a necesidade de clampaxe aórtico e o *estrés* derivado da perdida sanguínea e intercambios de fluídos[160–162].

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2

OBXECTIVOS DA TESE DOUTORAL

A innovación en tódolos campos da medicina é unha constante, así coma o acceso ós diferentes recursos e dispositivos dende calquera lugar do mundo. É máis, ás veces, o desexo de diminuír riscos ós pacientes afectados por unha patoloxía, fannos cambiar o noso xeito de tratalos, sen facer unha selección de pacientes baseado nuns criterios de inclusión necesarios, estendendo a práctica á totalidade da poboación.

Os bos resultados das técnicas novedosas soen proceder de centros con características distintas ás nosas, tanto en tipo de poboación como en xestión de recursos.

Polo tanto, o estudar o que acontece no noso entorno, parece de particular interese, para actuar en consecuencia e manexar ós nosos pacientes dun xeito personalizado segundo as súas características e a nosa experiencia.

2.1. HIPÓTESE

Os avances da tecnoloxía, materiais e técnica, cuns mellores resultados comparándoos cos da CA clásica, fan que o EVAR sexa a indicación de elección no tratamento da maioría dos pacientes con AAA, segundo o que se desprende da literatura revisada. Non obstante, dado que os resultados dependen da capacitación dos equipos en cada unha desas técnicas, dos medios materiais á disposición deses equipos, e das particularidades da poboación, resulta imprescindible controlar os resultados obtidos no noso centro e comparalos coa evidencia publicada para determinar fortalezas e debilidades de cada unha delas e así seleccionar a técnica máis axeitada segundo as características de cada doente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.2. OBXECTIVOS

2.2.1. Obxectivo principal.

Avaliar cales son os resultados e principais complicacións de ámbalas modalidades de tratamento do AAA no hospital Universitario Lucus Augusti, no período comprendido entre xaneiro de 2007 a decembro de 2016; os indicadores principais de éxito ou fracaso de cada unha das técnicas serán morte e reintervención, tanto nos primeiros trinta días postintervención como a longo prazo.

2.2.2. Obxectivos secundarios/específicos.

2.2.2.1. Avaliar resultados/complicacións nos primeiros trinta días de ámbalas técnicas.

- Propias do EVAR: complicacións relacionadas co acceso ou co dispositivo; oclusión de arterias renais; conversión a cirurxía aberta; endofugas.
- Común a ámbalas técnicas: sangrado; trombose ou embolización distal; trombose de rama; colite isquémica; pseudoaneurisma; complicación sistémica cardiolóxica, pulmonar, renal ou cerebral.

2.2.2.2. Avaliar resultados/complicacións a longo prazo.

- Propias do EVAR: endofugas; reintervencións por fugas; conversión tardía a cirurxía clásica.
- Comúns a ámbalas técnicas: enfermidade renal crónica (ERC); reintervención por calquera causa; infección protética ; fístula aortoentérica (FAE).

Intentarase determinar se esas complicacións están relacionadas coa técnica empregada, con factores de risco dos propios pacientes, ou co azar.

2.2.2.3. Estimar calidade de vida e custos segundo técnica.

Mediante número de reingresos e reintervencións, número de estudos complementarios no seguimento e número de revisións en consultas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3

MATERIAL E MÉTODOS

3.1. TIPO DE ESTUDO

Este traballo é un estudo observacional e descritivo, de natureza retrospectiva.

3.2. POBOACIÓN DO ESTUDO

Pacientes tratados por AAA mediante CA clásica ou mediante EVAR, no Hospital Universitario Lucus Augusti, no período comprendido entre xaneiro do 2007 e decembro do 2016.

3.3. CRITERIOS DE INCLUSIÓN

- Pacientes portadores de AAA intervidos de xeito electivo como aqueles que precisaron intervención de maneira urxente.
- Pacientes con AAA con diámetro > 5,5 cm en homes e > 5 cm en mulleres.
- Pacientes con AAA de diámetro > 4,5 cm en homes e > 4 cm en mulleres, se houbo un crecemento > 0,5 cm en 6 meses, ou se asocia con aneurisma de arterias ilíacas > 3,5 cm de diámetro.

3.4. CRITERIOS DE EXCLUSIÓN

Son excluídos do estudo os pacientes tratados mediante EVAR complexo, mediante próteses á medida e outros procedementos que implicase o tratamento dos troncos viscerais.

3.5. ASPECTOS ÉTICOS

Previo a recollida de datos, solicítase ó Comité Autonómico de Ética na Investigación a posta en marcha de este estudo sen consentimento informado, xa que a intención é incluír a tódolos pacientes que recibiron tratamento por AAA no período mencionado e o feito de solicitar o consentimento informado podería diminuír de forma irreparable a validez do estudo (Código de rexistro 2015/091). A explicación está en que parte dos pacientes, especialmente os dos primeiros anos do estudo poden non acudir xa ás consultas ou incluso ter falecido debido a avanzada idade que podían

ter xa no momento de tratarse. Unha participación de pacientes inferior á esperada, invalidaría o rexistro, facendo inútil o esforzo da investigación e proporcionaría unha información non válida, que no caso de ser utilizada, podería conducir a erros na toma de decisións posteriores. (Anexo 1).

Os datos recollidos sometéronse a un proceso de anonimización para o seu tratamento.

Eva Lucía Martínez Gallego, a doutorando, declara non ter ningún conflicto de interese en relación coa tese de doutoramento.

3.6. RECOLLIDA DE DATOS E VARIABLES EMPREGADAS

En primeiro lugar, recollemos factores de risco non modificables, idade e sexo, e analizamos os factores clásicos de risco cardiovascular: HTA, DM, DLP, tabaquismo, obesidade; antecedentes médicos relacionados: cardiopatía isquémica (CI), EAP, enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (EPOC) e a presenza ou non de ERC. Ademais recóllese se o paciente estaba a recibir tratamento antiagregante plaquetario (AG) e/ou tratamento anticoagulante (ACO).

Como dato de risco anestésico, rexistramos a categoría á que pertencen dentro da clasificación do Estado Físico da *American Society of Anesthesiologist* (ASA), e como risco xeral ou de comorbilidade, estudouse o índice de Charlson de cada paciente.

Recollemos datos analíticos do hemograma ó ingreso: a contaxe da hemoglobina, glóbulos brancos e plaquetas; tamén se anotou o dato da albumina máis preto do feito operatorio. No ingreso previo a cirurxía, no postoperatorio, á alta e ó longo do seguimento rexistramos datos da bioquímica: a creatinina e filtrado glomerular estimado (eFG).

Rexístrase tamén a diálise previa ou a necesidade nalgún momento despois do tratamento e no seguimento.

Como factores de risco en canto a complexidade técnica segundo a anatomía do aneurisma diferenciamos se o aneurisma se localiza a nivel xustarrenal ou non ou se existe afectación das arterias ilíacas e/ou hipogástricas.

Como variable cirúrxica rexistramos se a técnica foi CA ou EVAR e recóllense características propias de cada unha delas.

A continuación facemos unha estratificación en dous grupos segundo o carácter electivo ou urxente da intervención por AAA.

De seguido, recóllense datos en relación ós resultados despois da intervención, tales como complicacións a trinta días, a longo prazo e mortalidade.

Finalmente estimaremos calidade de vida e custos con ámbalas técnicas. Recolleremos datos de revisións clínicas, estudos complementarios por imaxe, reingresos e reintervencións en relación o tratamento do AAA segundo técnica.

Definición das variables empregadas:

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- **Tipo de intervención:**

  Cirurxía electiva: Pacientes sometidos a intervención programada despois dun estudo e seguimento regrado por consultas externas.

  Cirurxía urxente: Pacientes sometidos a intervención urxente debido a complicación do AAA, en pacientes sen diagnosticar previamente desta patoloxía ou diagnosticados da mesma pero sen seguimento pola nosa parte ou con complicación antes da cirurxía electiva.

- **Factores de risco e avaliación clínica:**

  HTA: definimos como hipertenso o paciente con valores de presión sistólica basal mantida por riba de 139 mm Hg e diastólica maior de 89 mm Hg, sen tratamento médico163; a súa vez consideramos hipertensos os suxeitos que recibían tratamento antihipertensivo.

  DM: rexístranse como diabéticos os pacientes que recibían tratamento con insulina ou con antidiabéticos orais; ademais rexístranse como tales os pacientes diagnosticados na historia clínica electrónica aínda que só se manteñan con tratamento dietético, e aqueles con glicemia en xaxún maior ou igual a 126 mg/dl, glicemia ó azar maior a 200 mg/dl ou hemoglobina glicada maior de 6,5%.164

  DLP: rexístrase dislipemia cando existen cifras de colesterol total por riba de 200 mg/dl, colesterol LDL por riba de 130 mg/dl, e de HDL menores de 40 mg/dl en homes e 50 mg/dl en mulleres. Tamén os valores de triglicéridos por riba de 150 mg/dl 165. Consideramos pacientes dislipémicos ós que cumpran estes valores ou ós que estean diagnosticados previamente, con tratamento hipolipemiante ou non.

  Tabaquismo: Consideramos como fumadores activos ós que fumaban no momento da intervención; exfumadores ós que levaban máis de 12 meses sen fumar e non fumadores aqueles que non fumaron nunca. Para a análise consideramos a presenza de tabaco tanto nos fumadores coma nos exfumadores.

  Obesidade: Considerouse paciente obeso aquel con índice de masa corporal (IMC) maior ou igual a 30 kg/cm2 tal e como define a OMS, no momento da cirurxía.

  CI: Consideramos como cardiópatas ós pacientes con diagnóstico previo, con antecedente de infarto agudo de miocardio ou anxina, tanto revascularizados como non e con tratamento, por datos recollidos nos seus antecedentes na historia electrónica.

  EAP: Definimos pacientes con EAP aqueles con índice noelo/brazo (ITB) < 0,9, con ausencia de pulsos a algún nivel na exploración física e aqueles con clínica isquémica tipo claudicación intermitente, dor en repouso ou lesións tróficas.

  EPOC: Definímola como a relación entre o volume espiratorio forzado no primeiro segundo e a capacidade vital forzada (FEV1/FVC) < 0,7166. Rexistramos diagnósticos da historia clínica electrónica previa e datos das probas funcionais respiratorias preoperatorias.

  ERC: Definida como un eFG < 60ml/min/1,73m2 [167].

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Categoría ASA: Estratificación en grupos segundo o estado físico do doente, realizada pola sociedade americana de Anestesioloxía, coa intención de predicir a morbimortalidade perioperatoria. A maior ASA, maior risco de complicación perioperatoria. Rexístrase o reflectido polo servizo de Anestesioloxía na su valoración previa a intervención (Anexo 2). Non se rexistra en intervencións urxentes.

Índice de Charlson: É o índice de comorbilidade máis empregado co fin de establecer un prognóstico de supervivencia do doente. A maior índice, peor prognóstico. No noso caso, calculamos o risco con independencia da idade (Anexo 3).

Tratamento médico:

ACO ou AG: Recollemos datos do tratamento previo á intervención, da historia clínica do doente.

- **Criterios anatómicos:**

  Aneurisma xustarrenal: Consideramos aneurisma xustarrenal da aorta, ó que o seu colo ou límite superior atópase no límite inferior da saída das arterias renais, o que non permite ou dificulta, a clampaxe ou pinzamento da aorta infrarrenal, para a súa substitución.

  Aneurisma ilíaco/hipogástrico asociado: Cando o tamaño de sendas arterias é unha vez e media o normal esperado para estas, obxectivado na TAC diagnóstica do aneurisma da aorta.

- **Técnica cirúrxica:**

  Na CA: prótese empregada, conformación (aorto-aórtica, aorto-ilíaca, aorto-femoral).

  No EVAR: prótese empregada, conformación (aorto-biilíaca, aorto-uniilíaca e cruzado), se se realizou embolización hipogástrica (uni ou bilateral), e se o implante se realizou por disección femoral ou de xeito percutáneo.

- **Complicacións a trinta días:**

  Cardíaca: En xeral, eventos isquémicos en pacientes con afectación previa coñecida ou asintomática. Inclúense tamén insuficiencia cardíaca derivada que precisa manexo intensivo na unidade de Reanimación.

  Respiratoria: Incluímos a pneumonía, o derrame pleural, a atelectasia, o broncoespasmo e a broncoaspiración.

  Renal: Empeoramento significativo da función renal, estenoses ou oclusión dunha arteria renal que obriga ó seu tratamento e o infarto renal.

  Cerebral: Infarto cerebral ou dano neurolóxico derivado dun tempo de isquemia prolongado e tamén da reperfusión.

  Sangrado: Anemización poscirúrxica que obriga a politransfusión ou reintervención.

  Colite isquémica: Isquemia intestinal de orixe multifactorial, como a anatomía do aneurisma e a afectación de ramas da súa irrigación, a técnica cirúrxica e anemización; a técnica anestésica tamén pode estar relacionada. Incluímos todas as diagnosticadas, tanto as que precisaron manexo cirúrxico con resección como aquelas nas que o manexo foi conservador.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Complicación a nivel de membros inferiores: Incluímos a isquemia e a afectación nerviosa periférica.

Trombose de rama: Oclusión protética tanto nos enxertos bifurcados en CA ou no EVAR, que ocasionan isquemia de membros inferiores e que obrigan a reintervención.

Do acceso: Complicación no tratamento endovascular, a nivel da punción femoral ou da disección cirúrxica. Tamén se inclúen os problemas de acceso a nivel ilíaco que obrigan a modificar a estratexia ou a realizar procedementos adicionais.

Endofugas: Exclusiva do EVAR; presurización do saco aneurismático periprotético que progresivamente produce o crecemento do mesmo polo que a correción endovascular é inefectiva para a prevención da rotura aneurismática.

Da ferida: Incluímos nesta categoría a evisceración, o hematoma, o seroma, a infección e o sufrimento de bordes cutáneos.

Conversión a cirurxía aberta: Fracaso do EVAR con complicación grave que obriga a intervir no mesmo acto mediante CA.

- **Complicacións a longo prazo:**

Pseudoaneurisma: Dilatación da parede arterial a nivel das anastomoses previas, que poden orixinar a rotura ou a trombose da mesma.

Trombose de rama: Como nas complicacións a trinta días; oclusión protética tanto nos enxertos bifurcados en CA ou no EVAR, que ocasionan isquemia de membros inferiores e que obrigan a reintervención.

Infección protética: Complicación tardía e grave, máis frecuente na CA pero observada tamén no EVAR; obriga a cirurxía de reemplazo protético se é factible ou a derivación extraanatómica; incluímos tamén os casos tratados con tratamento antibiótico prolongado.

Fístula aortoentérica (FAE): Máis frecuente en CA aínda que non exclusiva; fistulización dende a prótese da reconstrución arterial da CA ou entre o saco aneurismático periprotético no EVAR e o duodeno xeralmente.

Endofugas: O igual que a trinta días, precisando correción ou non segundo o tipo de fuga, a súa presurización e crecemento do saco.

Rotura: Pese ó tratamento, xeralmente EVAR, crecemento do aneurisma por endofugas que acaban finalmente na rotura aórtica.

Conversión a cirurxía aberta: Fracaso do EVAR neste caso a longo prazo que obriga a realizar unha CA, de xeito urxente por rotura do AAA, ou programado polo crecemento e prevención da mesma.

- **Calidade de vida e custos segundo técnica.**

Número de revisións clínicas anuais.

Estudos complementarios por imaxe: ED e TAC.

Reingresos para estudo e/ou reintervención.

USC

3.7. ANÁLISE ESTATÍSTICO

Preséntanse medianas e rangos intercuartílicos das variables numéricas e frecuencias relativas e absolutas das variables categóricas. Realízanse tests bivariantes para contrastar o efecto de varios factores sobre *exitus* e complicacións. No caso de variables categóricas usouse o test Chi-cuadrado e no caso de variables contínuas o test U de Mann-Whitney.

Realizouse unha análise de supervivencia, computando tempos ata diferentes eventos de interese, como *exitus* e reintervención. Computáronse as curvas de Kaplan-Meier e realizáronse contrastes para comparar devanditas curvas entre distintos grupos de pacientes mediante o test Log-Rank.

Por último, construíronse modelos de regresión loxística multivariante, para determinar a influencia de diferentes factores sobre o *exitus* e reintervención. Calculáronse as odds-ratio (OR) e os seus intervalos de confianza ó 95%, e preséntanse os resultados mediante *forestplots*.

Tódalas análises leváronse a cabo co software R 3.6.2.[168]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4

RESULTADOS

4.1. DESCRICIÓN DA POBOACIÓN DO ESTUDO

Entre xaneiro do 2007 e decembro do 2016, realizáronse 382 intervencións por AAA infrarrenal no noso hospital, 360 varóns e 22 mulleres (Figura 7).



Figura 7. Distribución dos pacientes por sexo.

Respecto ó tipo de intervención 220 dos procedementos foron EVAR fronte a 162 CA (Figura 8).



Figura 8. Distribución dos pacientes por técnica.

De estas, 305 foron realizadas de xeito electivo fronte a 77 de xeito urxente (Figura 9).



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 9. Distribución dos pacientes polo carácter programado ou urxente da intervención.

Dentro das electivas, o 35% foron mediante CA e o 65% mediante EVAR. En canto ás intervencións urxentes, o 71% foron mediante CA e o 29 % mediante EVAR (Figura 10).



	CA	EVAR
URXENTE	55	22
PROGRAMADA	107	198

Figura 10. Distribución dos pacientes por técnica e polo carácter programado ou urxente.

Facemos un comparativo de ámbalas dúas técnicas ó longo do tempo, vendo a evolución por anos, para amosar a tendencia de tratamento neste período (Figura 11).



	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
EVAR	20	18	20	15	24	22	24	31	21	25
CA	24	24	15	15	8	14	18	10	19	15

Figura 11. Evolución da distribución dos pacientes segundo a técnica ó longo do período de estudo.

4.2. PROCEDEMENTOS ELECTIVOS

4.2.1. Características dos pacientes

A poboación de pacientes tratados de xeito electivo por AAA neste tempo no noso servizo, está formada maioritariamente por varóns (288 varóns e 17 mulleres, 94,4% vs. 5,6%). No grupo dos varóns, 105 (36,5%) foron intervidos mediante CA e 183 (63,5%) mediante EVAR, mentres que no grupo das mulleres, 2 (11,8%) foron tratadas mediante CA e 15 (88,2%) mediante EVAR, con diferenza significativa (p<0,05).

Atopamos diferenza significativa na idade entre homes e mulleres, 72 anos (74-85) vs. 79 anos (49-88) (p<0,05).

A media de idade no grupo da CA foi significativamente menor que no EVAR, 68,0 anos (49-85) fronte a 76,0 anos (55-88) (p<0,001).

Comparamos as dúas técnicas por grupos de idade (Figura 12).



Figura 12. Distribución da técnica de tratamento segundo a idade nos procedementos electivos.

En canto ós factores de risco cardiovascular clásicos atopamos no EVAR maior presenza de HTA (71,7% vs. 56,1%), de CI (45,5% vs. 29,9%) e de EAP (36,4% vs. 25,2%) (Táboa 5).

Recollemos datos do hemograma, rexistrando a anemia, a leucocitose, e a trombopenia; tamén datos da bioquímica: a función renal e a ERC, rexistrando eFG < 60 ml/min

e a hipoalbuminemia. Atopamos diferenza significativa na función renal, con maior número de pacientes con eFG <60 ml/min no grupo EVAR (p<0,001) (Táboas 6 e 7).

Táboa 5. Factores de risco cardiovascular nos pacientes programados.

Factores de risco	CA n (%)	EVAR n (%)	P valor
Tabaco	62 (57,9)	99 (50)	0,185
Dislipemia	66 (61,7)	120 (60,6)	0,854
Hipertensión arterial	60 (56,1)	142 (71,7)	**0,006**
Diabetes Mellitus	21 (19,6)	56 (28,3)	0,097
Obesidade	21 (19,6)	39 (19,7)	0,988
Cardiopatía	32 (29,9)	90 (45,5)	**0,008**
EPOC*	23 (21,5)	58 (29,3)	0,141
EAP**	27 (25,2)	72 (36,4)	**0,048**

*EPOC: Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica. **EAP: Enfermidade arterial periférica.

Táboa 6. Datos do hemograma e da bioquímica nos pacientes programados.

Variable	n (%)
Anemia	47 (24,1)
Leucocitose	6 (3,0)
Trombopenia	8(4,1)
eFG<60ml/min*	89 (29,2)
Hipoalbuminemia	43 (18,4)

*eFG : Filtrado glomerular estimado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 7. Datos do hemograma e bioquímica comparando CA e EVAR.

Variable	CA	EVAR	p valor
Anemia	11 (17,2)	36 (27,4)	0,114
Leucocitose	3 (4,7)	3 (2,2)	0,352
Trombopenia	1 (1,6)	7 (5,2)	0,249
eFG<60ml/min*	18 (16,8)	71(35,9)	**<0,001**
Hipoalbuminemia	22 (22,4)	21 (15,4)	0,172

*eFG : Filtrado glomerular estimado.

Categorizamos o risco anestésico en dous grupos, de menor risco os ASA I e II, e maior risco ASA III e IV. Obsérvase maior risco anestésico no grupo EVAR: ASA I-II: 44,8% vs. 55,2% e ASA III-IV: 69,4% vs. 30,6% (p<0,001) (Figura 13).

Do mesmo xeito, analízase o índice de comorbilidade ou Charlson, categorizando en Charlson < 2, e Charlson ≥ 2. Obsérvase tamén maior comorbilidade no EVAR: Charlson < 2: 57,1% vs. 42,9%; Charlson ≥ 2: 73,9% vs. 26,1%, (p<0,05) (Figura 14).



Figura 13. Distribución do risco anestésico segundo a técnica nos procedementos electivos.



Figura 14. Distribución da comorbilidade segundo o índice de Charlson e segundo técnica nos procedementos electivos.

Analízase o tratamento médico dos pacientes en ámbolos grupos, en canto ó ACO e/ou ó AG. O ACO é significativamente maior no grupo EVAR: 21,2% vs. 5,6% na CA (p<0,001). Non se atopan diferenzas en canto ó AG: 72,2% no EVAR vs. 80,4% na CA (Fig. 15).



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 15. Distribución do tratamento médico segundo técnica nos procedementos electivos.

4.2.2. Características do aneurisma.

Despois de analizar as características dos pacientes, pasamos a analizar os diámetros do aneurisma de aorta, a súa relación coas arterias renais e a súa asociación con aneurismas ilíacos que inflúen no tratamento do aneurisma aórtico.

En canto ó diámetro, non se observan diferenzas significativas nos dous grupos de tipo de intervención, cun diámetro medio de 6,02 ±1,4 cm para CA e de 5,93 ± 1,2 cm para EVAR; e tampouco se diferenciamos por sexos, con 6,0 ± 1,3 cm nos varón e 6,2 ± 1,6 cm nas mulleres.

No grupo de CA atopamos 30 pacientes con aneurisma de aorta xustarrenal, fronte a 1 no grupo EVAR.

En canto a ilíacos e hipogástricos: 24,3% de ilíacos no grupo CA vs. 8,1% no grupo EVAR (p<0,001). Hipogástricos: 2,8% na CA vs. 0,5% no EVAR, sen diferenza significativa (Figura 16).



Figura 16. Distribución de aneurismas ilíacos e hipogástricos segundo a técnica nos procedementos electivos.

4.2.3. Tipo de tratamento empregado.

Avaliamos anualmente o número de intervencións por AAA con cada técnica, vendo a distribución e o cambio nas tendencias o longo do período de estudo (Figura 17).



	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
EVAR	20	17	19	14	22	19	21	29	17	20
CA	15	12	10	8	3	13	14	6	15	11

Figura 17. Distribución da técnica ó longo do período de estudo nos procedementos electivos.

4.2.3.1. Cirurxía aberta.

O tratamento cirúrxico clásico empregado consiste como xa se adiantou na introdución, nunha laparotomía media e abordaxe transperitoneal da aorta, substituíndo o segmento enfermo da aorta por unha prótese de Dacron.

A conformación maioritaria foi a aorto-aórtica, nun total de 66 pacientes. Do resto, 25 foron aorto-ilíacos e 16 aorto-femorais (Figura 18).

A prótese empregada foi de Dacron en tódolos casos.



Figura 18. Distribución da conformación do enxerto na CA nos procedementos electivos.

4.2.3.2. Tratamento endovascular.

Dentro do grupo EVAR, 178 procedementos foron aorto-biilíacos, e 20 aorto-uniilíacos con *bypass* cruzado (Figura 19).

Existiu diferenza significativa segundo o sexo, implantándose máis endopróteses aorto-unilíacas con *bypass* cruzado en mulleres, 33,3% vs. 8,8% en varóns (p<0,05).

Foi precisa a embolización hipogástrica en 64 pacientes; ademais colocouse un *branch* ilíaco en 2 e ocluíuse en 1 (Figura 20); o implante realizouse de xeito percutáneo en 43 (Figura 21).



Figura 19. Distribución da conformación da endoprótese nos procedementos electivos.



Figura 20. Porcentaxe de embolización hipogástrica no EVAR nos procedementos electivos.



Figura 21. Porcentaxe de EVAR percutáneos nos procedementos electivos.

En canto á endoprótese empregada amosamos na Táboa 8 as porcentaxes de cada tipo.

Táboa 8. Tipo de endoprótese empregada no EVAR electivo segundo a súa aparición no mercado e no tempo de seguimento.

Endoprótese	n (%)
Excluder®	77 (38,9)
Zenith®	30 (15,2)
Endurant®	17 (8,6)
Aorfix®	10 (5,1)
Anaconda®	10 (5,1)
Nellix®	25 (12,6)
Ovation®	14 (7,1)
Treo®	7 (3,5)
AFX®	3 (1,5)
E-tegra®	2 (1)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.4. Resultados a curto prazo.

4.2.4.1. Estancias postoperatorias.

A estancia media postoperatoria dos nosos pacientes foi menor no grupo EVAR, 5,4 ± 8,4 días vs. 13,6 ± 12,0 na CA, con diferenza significativa (p<0,001).

En canto a estancia na Reanimación, tamén existe diferenza significativa, con 0,29 ± 1,5 días no EVAR vs. 5,5 ± 8,4 na CA (p<0,001).

4.2.4.2. Complicacións a trinta días.

As complicacións xerais, de ámbalas técnicas inclúen morbilidade sistémica (cardíaca, respiratoria, renal), complicacións locais (infección da ferida, seroma...), isquemia das extremidades inferiores, colite isquémica, complicacións relacionadas co enxerto (trombose de rama, endofugas).

Na nosa serie, case a metade dos pacientes (44,9%) intervidos por AAA mediante CA presentou complicacións nos primeiros trinta días fronte a unha cuarta parte (25%) no grupo EVAR (p<0,001).

Os pacientes sometidos a CA presentaron maior incidencia de complicacións cardíacas (9,3% vs. 2%, p<0,05); e respiratorias (17,8% vs. 1,5%, p<0,001).

Tamén se observa maior incidencia de sangrado na CA (13,1% vs. 1,5%, p<0,001); e de colite isquémica (5,6% vs. 1%, p<0,05).

Aplicado só ó EVAR, obsérvanse un 6,1% de complicacións relacionadas co acceso e un 26,7% de endofugas (Táboa 9).

Táboa 9. Complicacións a trinta días no tratamento electivo.

Complicación	CA n(%)	EVAR n(%)	P valor
Respiratoria	19 (17,8)	3 (1,5)	**<0,001**
Cardíaca	10 (9,3)	4 (2)	**0,004**
Renal	10 (9,3)	12 (6,1)	0,290
Cerebral	2 (1,9)	0 (0)	0,054
Colite isquémica	6 (5,6)	2 (1)	0,017
Sangrado	14 (13,1)	3 (1,5)	**<0,001**
Da ferida	8 (7,5)	13 (6,6)	0,764
De membros inferiores	5 (4,7)	8 (4)	0,794
Trombose de rama	3 (2,8)	5 (2,5)	0,885
Do acceso	-	12 (6,1)	
Endofuga	-	53 (26,7)	

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.4.3. Factores asociados a complicacións a 30 días.

4.2.4.3.1. Análise univariante.

Facemos unha análise univariante sobre os factores que inflúen no feito de que existan complicacións tras a intervención por AAA, atopando asociación significativa coa CA (p<0,05), a presenza de EAP (p<0,05) e o feito de que o AAA sexa xustarrenal (p<0,001) (Táboa 10).

Táboa 10. Análise univariante sobre os factores que inflúen nas complicacións tras intervención electiva por AAA.

Variable	Total	Complicación n(%)	p valor
Técnica			**0,002**
CA	107	42 (39,2)	
EVAR	198	45 (22,7)	
Sexo			0,638
Muller	17	4 (23,5)	
Home	288	83 (28,8)	
Idade			0,244
<65	64	20 (31,2)	
65 – 75	100	32 (32,0)	
75 – 80	76	23 (30,2)	
>80	65	12 (18,4)	
ERC *	89	20 (22,4)	0,132
Dislipemia	186	57 (30,6)	0,305
Hipertensión arterial	202	56 (36,3)	0,664
Diabetes Mellitus	77	28 (36,3)	0,078
Tabaco	161	46 (28,5)	0,984
Obesidade	60	18 (30,0)	0,777
Cardiopatía	122	39 (31,9)	0,277
EPOC**	81	29 (35,8)	0,090
EAP***	99	39 (39,4)	**0,003**
Comorbilidade ****	142	45 (31,7)	0,253
ASA			0,593
I-II	58	15 (28,5)	
III-IV	245	72 (29,4)	
Antiagregación	229	63 (27,5)	0,496
Anticoagulación	48	12 (25,0)	0,555
Xustarrenal	31	20 (64,5)	**<0,001**
Ilíaco	42	13 (30,9)	0,707

* eFG <60 ml/min/1,73 m²; **Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica;
*** Enfermidade arterial periférica; **** Índice de Charlson ≥2

Facemos unha análise univariante para cada tipo de técnica, obtendo que o feito de que o AAA sexa xustarrenal asóciase con máis complicacións na CA (p<0,001), e no caso do EVAR, o tipo de endoprótese é o que parece influír nas mesmas (p<0,05) (Táboas 11 e 12).

Táboa 11. Análise univariante sobre os factores que inflúe nas complicacións tras a CA nos procedementos electivos.

Variable	Total	Complicación n (%)	p valor
Idade			0,456
<65	44	16 (36,3)	
65 – 75	40	18 (45,0)	
75 – 80	18	5 (27,7)	
>80	5	3 (60,0)	
Sexo			0,251
Muller	2	0 (0,0)	
Home	105	42 (40,0)	
EPOC*	19	9 (47,3)	0,209
Cardiopatía	28	12 (42,8)	0,304
Xustarrenal	30	19 (63,3)	**0,001**
EAP**	27	14 (51,8)	0,121
Ilíaco	26	9 (34,6)	0,577

*Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica; ** Enfermidade arterial periférica.

Táboa 12. Análise univariante sobre os factores que inflúen nas complicacións tras o EVAR nos procedementos electivos.

Variable	Total	Complicación n (%)	p valor
Idade			0,219
<65	20	4 (20,0)	
65 – 75	60	14 (23,3)	
75 – 80	58	18 (31,0)	
>80	60	9 (15,0)	
Sexo			0,704
Muller	15	4 (26,6)	
Home	183	41 (22,4)	
Prótese			**0,010**
Aorfix®	10	4 (40,0)	
Zenith®	30	12 (40,0)	
Excluder®	77	9 (11,6)	
Endurant®	17	4 (23,5)	
Nellix®	25	7 (28,0)	
Ovation®	14	1 (7,1)	

4.2.4.3.2. Análise multivariante.

Do mesmo xeito que na univariante, a análise multivariante facémola sobre os factores que inflúen nas complicacións tras as intervencións electivas por AAA sen diferenciar técnica e tras CA e EVAR de xeito independente. No primeiro caso, atopamos asociación das complicacións co feito de que o AAA sexa xustarrenal, que exista EAP e coa presenza da EPOC, a diferenza da análise univariante na que non achabamos esta relación (Figura 22).

No caso da CA, na multivariante, de novo vemos asociación do AAA xustarrenal coas complicacións (Figura 23), e no EVAR, a asociación só se establece co tipo de endoprótese, protexendo contra elas a Excluder® (Gore®) (Figura 24).



Figura 22. Análise multivariante sobre os factores asociados con complicacións a trinta días tras o tratamento electivo por AAA.

EPOC: Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica; EAP: Enfermidade arterial periférica.



EPOC: Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica; EAP: Enfermidade arterial periférica.

Figura 23. Análise multivariante dos factores asociados con complicacións a trinta días tras CA electiva por AAA.



Figura 24. Análise multivariante dos factores asociados con complicacións a trinta días tras EVAR electivo por AAA.

4.2.4.4. Conversión a CA e mortalidade a trinta días.

Non foi preciso converter ningún EVAR a CA.

En termos de mortalidade a 30 días, faleceron 2 pacientes no grupo EVAR (1%) fronte a 7 no grupo CA (6,5%) (p<0,05) (Táboa 13).

Táboa 13. Causas de morte a trinta días no tratamento electivo.

	CA n(%)	EVAR n(%)	TOTAL n(%)
Respiratoria	3(42,9)		3(33,3)
Cardíaca	2(28,6)	1(50)	3(33,3)
Ictus	1(14,3)		1(11,1)
Isquemia de membros inferiores	1(14,3)	1(50)	2(22,2)

4.2.4.5. Factores asociados a mortalidade a 30 días. Análise univariante.

A trinta días realizamos unha análise univariante sobre a supervivencia global dos pacientes tratados de xeito electivo mediante EVAR ou CA atopando maior supervivencia nos pacientes ós que se lles realizou EVAR e naqueles que estaban antiagregados (p<0,05).

Como factor asociado a unha menor supervivencia, observamos que o feito de ser un aneurisma xustarrenal inflúe de maneira moi significativa (p<0,001) (Táboa 14).

En canto os datos do hemograma, da función renal e cifras da albumina, observamos que o único que aumenta o risco de *exitus* a trinta días de xeito significativo é a hipoalbuminemia (p<0,05) (Táboa 15).

Comparando CA e EVAR, non se atopa diferenza na mortalidade nos dous grupos, cando os pacientes presentan unha ERC con un eFG menor de 60ml/min (Táboa 16).

Dentro dos factores que inflúen na supervivencia no grupo da CA, atopamos que o feito de que o aneurisma fora xustarrenal asociouse de novo con un aumento de risco de mortalidade (p<0,05). Non observamos que exista máis risco coa idade dos pacientes (p=0,422) (Táboa 17).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 14. Análise univariante sobre a supervivencia a trinta días nos procedementos electivos.

Variable	Total	Exitus	p valor
Técnica			**0,010**
CA	107	7 (6,5)	
EVAR	198	2 (1,0)	
Sexo			0,459
Muller	17	0 (0,0)	
Home	279	9 (3,1)	
Idade			0,306
<65	64	3 (4,6)	
65 – 75	100	3 (3,0)	
75 – 80	76	0 (0,0)	
>80	65	3 (4,6)	
ERC *	89	2 (2,2)	0,641
Dislipemia	186	6 (3,2)	0,727
Hipertensión arterial	202	6 (2,9)	0,997
Diabetes Mellitus	77	4 (5,2)	0,178
Tabaco	161	5(3,1)	0,865
Obesidade	60	1 (1,6)	0,511
EPOC**	81	4 (4,9)	0,217
Cardiopatía	122	5 (4,1)	0,333
EAP***	99	4 (4,0)	0,435
Comorbilidade ****	142	6 (4,1)	0,219
ASA			0,138
I-II	58	0 (0,0)	
III-IV	245	9 (3,6)	
Antiagregación	229	3 (1,3)	**0,003**
Anticoagulación	48	1 (2,0)	0,698
Xustarrenal	31	5 (16,1)	**<0,001**
Ilíaco	42	1 (2,3)	0,814

* eFG <60 ml/min/1,73 m^2; **Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica;
*** Enfermidade arterial periférica; **** Índice de Charlson ≥2

Táboa 15. Análise univariante dos datos do hemograma e a bioquímica sobre a supervivencia a trinta días nos procedementos electivos.

Variable	Total	Exitus	p valor
Anemia	47	2 (4,2)	0,399
Leucocitose	6	0 (0,0)	0,688
Trombopenia	8	0 (0)	0,675
ERC*	89	2 (2,2)	0,641
Hipoalbuminemia	43	4 (9,3)	**0,007**

* eFG <60 ml/min/1,73m²

Táboa 16. Influencia da ERC con eFG menor de 60 ml/min na supervivencia a trinta días nos procedementos electivos.

TIPO	Total	Exitus	p valor
CA	16	11 (68,7)	0,312
EVAR	71	39 (54,9)	

Táboa 17: Univariante sobre factores que inflúen na supervivencia a trinta días na CA nos procedementos electivos.

Variable	Total	Exitus	p valor
Idade			0,422
<65	44	3 (6,8)	
65 – 75	40	3 (7,5)	
75 – 80	18	0 (0,0)	
>80	5	1 (20,0)	
Xustarrenal	30	5 (16,6)	**0,008**
EAP*	27	3 (11,1)	0,266
Ilíaco	26	1 (3,8)	0,522

*Enfermidade arterial periférica

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.4.6. Endofugas.

Analizamos de xeito específico unha complicación do EVAR que non aparece no tratamento mediante CA, que son as endofugas.

Foi preciso corrixir 4 fugas tipo I (2%) no postoperatorio inmediato da nosa serie e ademais observáronse 49 fugas tipo II (24,7%).

4.2.4.7. Función renal.

Analizamos as cifras de eFG despois da intervención e recollemos o eFG mínimo no ingreso. Recollemos tamén as cifras á alta para facer unha comparativa entre a técnica CA e EVAR a 30 días.

O eFG basal é maior no grupo da CA que no EVAR, de xeito significativo, non obstante o eFG mínimo no ingreso é similar nos dous grupos. A alta o eFG é maior de xeito significativo no grupo da CA (p<0,01) (Táboa 18).

Táboa 18. Datos da función renal expresados en eFG segundo a técnica a curto prazo.

	CA	EVAR	p
eFG basal	76 ± 20,7	67 ± 20,2	**<0,001**
eFG mínimo	63 ± 27,8	61 ± 24,4	ns
eFG alta	80 ± 25,2	65 ± 22,3	**<0,001**

eFG: Filtrado glomerular estimado.

Posteriormente calculamos a porcentaxe máxima de descenso do eFG no ingreso, e categorizamos como fracaso renal agudo (FRA), ós casos nos que a porcentaxe de descenso sexa igual ou maior o 30% e/ou a aqueles casos que presentasen diálise periprocedemento. En total houbo 53 pacientes (18,6%) con FRA.

Analizamos se o FRA inflúe no eFG no momento da alta; os pacientes que sufriron FRA, á alta presentan un eFG de 55,1 ± 42,2 vs. 74,2 ± 23,4 nos pacientes que non o sufriron (p<0,001).

4.2.4.8. Factores asociados a FRA.

4.2.4.8.1. Análise univariante.

Observamos unha asociación significativa da CA, a DM e o feito de ser un aneurisma xustarrenal co FRA na análise univariante (Táboa 19).

Táboa 19. Análise univariante sobre o FRA nos procedementos electivos.

Variable	Total	FRA	p valor
Técnica			**<0,001**
CA	107	32 (29,9)	
EVAR	178	21 (11,8)	
Sexo			0,885
Muller	15	3 (20,0)	
Home	270	50 (18,5)	
Idade			0,414
<65	58	12 (20,7)	
65 – 75	95	21 (22,1)	
75 – 80	72	13 (18,0)	
>80	60	7 (11,6)	
ERC*	86	19 (22,1)	0,318
Dislipemia	176	34 (19,3)	0,690
Hipertensión arterial	191	41 (21,4)	0,075
Diabetes Mellitus	75	20 (26,6)	**0,036**
Tabaco	153	25 (16,3)	0,291
Obesidade	51	7 (13,7)	0,323
EPOC**	75	9 (12,0)	0,087
Cardiopatía	114	25 (21,9)	0,237
EAP***	93	21 (22,5)	0,228
Comorbilidade****	138	32 (23,2)	0,053
ASA			0,227
I-II	54	7 (12,9)	
III-IV	229	46 (20,1)	
Antiagregación	216	35 (16,2)	0,066
Anticoagulación	44	7 (15,9)	0,618
Xustarrenal	31	18 (58,0)	**<0,001**
Ilíaco	42	9 (21,4)	0,609

* eFG <60 ml/min/1,73 m^2; **Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica;
*** Enfermidade arterial periférica; **** Índice de Charlson ≥2

4.2.4.8.2. Análise multivariante.

En canto a función renal e o FRA atopamos asociación significativa co feito de ser un aneurisma xustarrenal e tamén a presenza de maior comorbilidade definida como Charlson > 2. Como factor protector observamos o EVAR (Figura 25).



Comorbilidade: Charlson ≥2

Figura 25. Análise multivariante sobre o FRA nos procedementos electivos.

4.2.5. Resultados a longo prazo.

4.2.5.1. Tempo de seguimento e complicacións

O seguimento medio dos pacientes do noso estudo foi de 68 ± 36 meses para a CA e 62,7 ± 34,9 meses para o EVAR, sen diferenza significativa nos dous grupos.

Dentro das complicacións a longo prazo descríbense o pseudoaneurisma, a trombose de rama, a infección protética, a FAE e a rotura. Non se atoparon diferenzas significativas en ningún dos grupos e categorías (Táboa 20).

Táboa 20. Complicacións a longo prazo no tratamento electivo.

Complicación	CA n(%)	EVAR n(%)	p
Pseudoaneurisma	2(1,9)	2(1)	0,529
Trombose de rama	3(2,8)	9(4,5)	0,445
Infección protética	2(1,9)	4(2)	0,928
Fístula aortoentérica	3(2,8)	1(0,5)	0,092
Rotura	0(0)	2(1)	0,297

4.2.5.2. Supervivencia no tratamento electivo.

A porcentaxe global de *exitus* ó final do seguimento foi do 42% (124 pacientes) (Figura 26), sendo a supervivencia maior no grupo da CA fronte ó do EVAR, con diferenza significativa (p<0,05), con 29 *exitus* (29%) na CA vs. 95 (48,5%) no EVAR (Figura 27). Na Táboa 21 expoñemos as causas de *exitus* en ámbolos grupos.



Figura 26. Curva de supervivencia global no tratamento electivo.



Figura 27. Curva de supervivencia segundo a técnica no tratamento electivo.

Táboa 21. Causas de morte no seguimento.

Causa de exitus	CA n (%)	EVAR n (%)
Cardiovascular	11 (37,9)	12 (12,6)
Infecciosa	1 (3,4)	14 (14,7)
Respiratoria	1 (3,4)	11 (11,6)
Ictus	0	4 (4,2)
Isquemia intestinal	2 (6,9)	3 (3,2)
Neoplasia	7 (24,1)	19 (20)
Complicación do AAA	3 (10,3)	11 (11,6)
Outras	3 (10,3)	10 (10,6)
Descoñecida	1 (3,4)	11 (11,6)
Total	29 (100)	95 (100)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.5.3. Factores que inflúen na mortalidade no seguimento.

4.2.5.3.1. Análise univariante.

No seguimento, na análise univariante atopamos asociación da mortalidade, de xeito significativo, coa idade (a máis idade máis mortalidade, como era de esperar) e coa presenza de ERC con un eFG <60 ml/min.

Con menos diferenza pero aínda así de xeito significativo, atopamos asociación do sexo feminino, da presenza da EPOC, o estar estratificado como ASA III-IV, o feito de que a técnica de tratamento fora a endovascular e a reintervención, cunha maior mortalidade; o AG, actúa neste caso como factor protector, cunha menor mortalidade nos pacientes que estaban a recibir este tratamento (Táboa 22).

Táboa 22. Análise univariante sobre a supervivencia global nos procedementos electivos.

Variable	Total	Exitus	p valor
Técnica			**0,001**
CA	100	29 (29,0)	
EVAR	96	95 (48,4)	
Sexo			**0,013**
Muller	17	12 (70,5)	
Home	279	112 (40,1)	
Idade			**<0,001**
<65	61	12 (19,6)	
65 – 75	97	38 (39,1)	
75 – 80	76	33 (43,4)	
>80	62	41 (66,1)	
Reintervención			**0,007**
Non	247	95 (38,4)	
Sí	49	29 (59,1)	
ERC *	87	50 (57,4)	**<0,001**
Dislipemia	196	70 (38,8)	0,192
Hipertensión arterial	196	80 (40,8)	0,599
Diabetes Mellitus	73	20 (35,6)	0,210
Obesidade	59	24 (40,6)	0,832
EPOC**	75	41 (47,8)	**0,018**
Cardiopatía	117	56 (47,8)	0,092
EAP***	95	45 (47,3)	0,189
Comorbilidade ****	136	61 (44,8)	0,341
ASA			**0,016**
I-II	58	16 (27,5)	

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

III-IV	236	106 (44,9)	
Antiagregación	226	85 (37,6)	**0,007**
Anticoagulación	47	21 (44,6)	0,672
Xustarrenal	26	12 (46,1)	0,664
Ilíaco	41	18 (43,9)	0,778

* eFG <60 ml/min/1,73 m²; **Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica;
*** Enfermidade arterial periférica; **** Índice de Charlson ≥2

Facemos unha univariante cos factores que poden influír nunha maior complexidade técnica á hora de realizar unha CA do AAA, atopando unha asociación do feito de que o AAA estivera categorizado como xustarrenal, cun aumento da mortalidade (p<0,05) (Táboa 23).

En canto ó tratamento endovascular, a análise facémola co tipo de endoprótese utilizada, sen atopar diferenzas entre elas (Táboa 24).

Táboa 23. Análise univariante sobre a supervivencia na CA.

Variable	Total	Exitus	p valor
Xustarrenal	25	12 (48,0)	**0,015**
EAP*	24	8 (33,3)	0,591
Ilíaco	25	10 (40,0)	0,161

*Enfermidade arterial periférica.

Táboa 24. Análise univariante sobre a supervivencia no EVAR nos procedementos electivos segundo a endoprótese empregada.

Tipo de endoprótese	Total	Exitus n(%)	p valor
AFX®	3	1 (33,3)	0,190
Anaconda®	9	3 (33,3)	
Aorfix®	10	7 (70,0)	
Zenith®	30	20 (66,0)	
E-tegra®	2	0 (0,0)	
Excluder®	77	38 (49,3)	
Endurant®	17	8 (47,0)	
Nellix®	25	9 (36,0)	
Ovation®	14	5 (35,0)	
Treo®	7	2 (28,5)	

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.5.3.2. Análise multivariante

A longo prazo, seguimos atopando na multivariante, asociación significativa da necesidade de reintervención, e dunha maior idade, cun aumento de risco de mortalidade. Nesta análise, o EVAR, a ERC con eFG < 60 ml/min e a categoría ASA III-IV, aínda que semellan aumentar o risco de mortalidade, perden a súa significación estatística.

De novo o AG, preséntase como factor protector contra a mortalidade no seguimento (Figura 28).



ERC: Filtrado glomerular estimado < 60 ml/min/1,73m^2; EPOC: Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica; Comorbilidade: Charlson ≥2; ASA: clase III e IV da categoría do risco anestésico.

Figura 28. Análise multivariante sobre a mortalidade a longo prazo nos procedementos electivos.

4.2.5.4. Reintervencións e endofugas.

A longo prazo rexistramos as reintervencións por calquera causa tanto na CA coma no EVAR.

No grupo CA reintervíronse 2 pacientes (2%) mentres que no grupo EVAR reintervíronse 47 pacientes (24%) (p<0,001).

Dentro das reintervencións no EVAR, 33 pacientes (70,2%) reintervíronse por fuga, 5 pacientes (10,6%) por fuga e por outra causa, e 9 (19,1%) por outra causa.

En total 38 reintervencións no EVAR foron por fuga, e 9 doentes reintervíronse por fuga reiterada (Figura 29).

En canto o total de endofugas, como complicación específica do tratamento endovascular, observamos 17 fugas tipo I, 6 fugas tipo III e 64 fugas tipo II (Figura 30).

Analizamos as reintervencións por tipo de fuga, observando 23 pacientes (11,8%) con reintervención por fuga II, dos que 6 (3,1%) se reinterviron de maneira reiterada (Figuras 31).

14 pacientes (7,1%) reintervíronse por fuga distinta a II, e 3 (1,5%) por fuga non II reiterada.

Foi preciso converter a CA 5 pacientes do grupo EVAR, 2 por infección protética e os tres restantes por fuga, 2 para *banding* aórtico e o outro para aneurismectomía por rotura secundaria a fuga tipo I.



Figura 29. Reintervención por fuga no EVAR programado e por fuga reiterada.



Figura 30. Porcentaxes de cada tipo de fuga no seguimento no EVAR nos procedementos electivos.





Figura 31. Reintervención por fuga II e por fuga II reiterada.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.5.5. Supervivencia libre de reintervención.

Foi preciso a reintervención en 49 pacientes (16%) do global do tratamento electivo; de novo, a CA mostra unha supervivencia libre de reintervención claramente maior co EVAR (p<0,001), co 2% de reintervencións na CA vs. 24% no EVAR (Figuras 32,33).



Figura 32. Curva de supervivencia libre de reintervención no global do tratamento electivo.



Figura 33. Curva de supervivencia libre de reintervención por técnica no tratamento electivo.

As fugas son unha complicación exclusiva do tratamento endovascular; comparando coa curva de supervivencia global de CA, observamos a caída da supervivencia libre de reintervención no EVAR por as fugas en xeral e por cada tipo en particular (Figuras 34, 35, 36).



Figura 34. Curva de supervivencia libre de reintervención por fuga no tratamento electivo.



Figura 35. Curva de supervivencia libre de reintervención por fuga tipo II no tratamento electivo.



Figura 36. Curva de supervivencia libre de reintervención por fuga tipo I e III no tratamento electivo.

Ademais das fugas, tamén observamos que os pacientes tratados mediante EVAR, teñen unha supervivencia libre de reintervención por outras causas, menor que os tratados mediante CA (p<0,001) (Figura 37).



Figura 37. Curva de supervivencia libre de reintervención por causa distinta a fuga no tratamento electivo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.5.6. Factores que inflúen na reintervención a longo prazo.

4.2.5.6.1. Análise univariante.

Non atopamos diferenza significativa entre a endoprótese empregada e o número de reintervencións (Táboa 25). Se excluímos as próteses con menos de 10 casos e facemos de novo a análise sí que atopamos agora diferenza (Táboa 26).

Do tratamento coa endoprótese Nellix®, xorde un novo concepto que é o EVAS (*endovascular aorta sealing*), facendo énfase na selaxe do AAA sen os medios de fixación que presentan o resto das endopróteses usadas ata o momento.

Enfrontamos esta endoprótese coas outras usadas no EVAR, atopando unha diferenza significativa en canto ó número de reintervencións, cun maior número no grupo da Nellix® (Táboa 27).

Táboa 25. Análise univariante sobre a reintervención no EVAR nos procedementos electivos segundo o tipo de endoprótese empregada.

Tipo de endoprótese	Total	Reintervención n(%)	p valor
AFX®	3	1 (33,3)	0,144
Anaconda®	9	2 (22,2)	
Aorfix®	10	2 (20,0)	
Zenith®	30	11 (36,6)	
E-tegra®	2	0 (0,0)	
Excluder®	77	11 (14,2)	
Endurant®	17	4 (23,5)	
Nellix®	25	11 (44,0)	
Ovation®	14	4 (28,5)	
Treo®	7	1 (14,2)	

Táboa 26. Análise univariante sobre a reintervención no EVAR nos procedementos electivos segundo o tipo de endoprótese empregada.

Tipo de endoprótese	Total	Reintervención n(%)	p valor
Aorfix®	10	2 (20,0)	**0,034**
Zenith®	30	11 (36,6)	
Excluder®	77	11 (14,2)	
Endurant®	17	4 (23,5)	
Nellix®	25	11 (44,0)	
Ovation®	14	4 (28,5)	

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Táboa 27. Comparación do tratamento mediante EVAR e EVAS en canto a reintervencións.

Endoprótese	Total	Reintervencións n(%)	p valor
Nellix®	25	11 (44,0)	**0,013**
Outra	169	36 (21,3)	

4.2.5.6.2. Análise multivariante.

Como se observou nas curvas de supervivencia libres de reintervención, atópase unha forte asociación do EVAR co aumento de risco de reintervención; facemos unha multivariante cos tipos de endopróteses observando que existe asociación significativa da endoprótese Excluder® con menos risco de reintervencións. Non se consigue acadar diferenza estatística aínda que a endoprótese Nellix® semella aumentar o risco de reintervención (Figura 38).

Se a multivariante a facemos sobre reintervención ou *exitus*, o EVAR, o AAA xustarrenal e a idade maior de 80 anos, aumentan o risco (Figura 39).



Figura 38. Análise multivariante sobre reintervención.



EAP: Enfermidade arterial periférica.

Figura 39. Análise multivariante sobre reintervención ou *exitus*.

4.2.5.7. Función renal a longo prazo.

Analizamos a función renal dos pacientes ó ano da intervención e ó final do seguimento, así como a necesidade de diálise ó longo do tempo.

Ó ano da intervención o eFG e significativamente maior no grupo da CA (69 ± 23,1 en CA vs. 59 ± 21,1 en EVAR), así como no final do seguimento (63 ± 23,3 en CA vs. 51 ± 24,3 en EVAR) (p<0,001).

Se analizamos de novo a influencia do FRA, observamos que ó ano do seguimento o eFG é menor de xeito significativo naqueles pacientes que sufriron FRA:52,9 ± 24,5 vs. 64,1 ± 21,5 (p<0,05).

Xa ó final do seguimento non existe asociación do FRA co eFG: 50,3 ± 22,6 se padeceron FRA vs. 56,2 ± 25,1 nos que non.

En canto a necesidade de diálise no seguimento, 3 pacientes (3%) de CA precisárona fronte a 1 en EVAR (0,5%).

Se analizamos o ritmo de descenso do eFG nos dous grupos observamos que ó ano da CA o descenso e significativamente maior que ó ano do EVAR ; non obstante, o ritmo de descenso estabilízase para as dúas técnicas no seguimento (Táboa 28).

Táboa 28. Ritmo de descenso do eFG segundo técnica nos procedementos electivos.

Descenso eFG ml/min	CA	EVAR	p valor
Ó 1º ano	11,9 (20,6)	6,5 (13,2)	**0,026**
Media anual	6,2 (16,9)	5,1 (14,5)	0,551

Valores expresados en medias e desviacións estándar // eFG: Filtrado glomerular estimado.

4.2.6. Participación do cirurxián nas intervencións programadas.

A análise que se fai nesta tese, versa sobre os resultados do tratamento do AAA dende que eu mesma, a investigadora, chegou o servizo de Lugo, no 2007, ata o 2016. Analizo por esta razón, a miña participación en xeral e en dúas etapas, a época de formación e a de cirurxián especialista moza.

Nesta análise faltan os meus datos desde xuño do 2012 a xuño do 2013, período no que traballei noutro centro, e polo tanto con pacientes dunha área distinta e con características probablemente diferentes.

O cómputo total de intervencións programadas por AAA nas que participei foron 79 procedementos, 19 CA e 60 EVAR (Figura 40).

A participación é tres veces maior no EVAR que na CA, con diferenza significativa (p<0,05) (Táboa 29).



Figura 40: Evolución do tipo de intervencións nas que participa o investigador no tempo no tratamento electivo.

Táboa 29. Participación do cirurxián no total das intervencións programadas.

Variable	Total	Gallego n(%)	p-valor
CA	107	19 (17,7)	**0,017**
EVAR	198	60 (30,3)	

Dividimos os resultados en dúas etapas: de 2007 a 2011, a etapa de formación, e consideramos 2012 a 2016, como etapa de cirurxián especialista novel.

Na primeira etapa participei en 41 procedementos electivos, 9 CA e 32 EVAR (Figura 41).

Observamos de novo, con diferenza significativa, unha participación maior no EVAR que na CA (p<0,05) (Táboa 30).



Figura 41. Distribución da participación segundo a técnica no período de formación no tratamento electivo.

Táboa 30: Participación do médico interno residente nas intervencións programadas.

Variable	Total	Gallego n(%)	p-valor
CA	48	9 (18,7)	**0,047**
EVAR	92	32 (34,7)	

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na segunda etapa, de cirurxián novel, asistín a 38 intervencións por AAA, 10 CA e 28 EVAR (Figura 42).

O número do EVAR triplica o número da CA, esta vez sen diferenza estatisticamente significativa (Táboa 31).



Figura 42. Distribución da participación segundo a técnica no período de cirurxián novel no tratamento electivo.

Táboa 31. Participación do cirurxián novel nas intervencións programadas.

Variable	Total	Gallego n(%)	p valor
CA	59	10 (16,9)	0,166
EVAR	106	28 (26,4)	

4.2.7. Calidade de vida e custos estimados en intervencións programadas.

Debido ó carácter retrospectivo do estudo, e ás perdas sustanciais de pacientes debido ós *exitus* no seguimento no momento da recollida de datos, non se realiza un cuestionario de calidade de vida en si e analízanse o número de revisións clínicas, estudos complementarios, reingresos e reintervencións segundo a técnica empregada.

Comezando polas revisións clínicas no seguimento, obtemos unha media de 7,78 ± 3,9 consultas no EVAR fronte a 6,53 ± 3,8 na CA.

En canto ó número de exploracións ecográficas, atopamos unha media de 1,21 ± 1,7 no EVAR, fronte a 1,01 ± 1,2 na CA.

A media de exploracións con TAC na CA foi de 0,64 ± 1,7 fronte a 7,33 ± 3,3 no EVAR. Para realizar a TAC con protección renal o número medio de ingresos foi do 0,13 ± 0,6.

O número medio de reingresos para reintervención na CA foi do 0,12 ± 0,7 de media fronte ó 0,49 ± 0,9 no EVAR.

En total a media de número de reingresos foi do 0,15 ± 0,7 para a CA e do 0,62 ± 1,1 para o EVAR.

Facemos unha comparativa para ámbalas técnicas, por tempo de seguimento (Táboa 32).

Táboa 32. Análise do número de consultas, exploracións e reingresos /ano para ámbalas técnicas nos procedementos electivos.

Variable	CA	EVAR	p valor
Nº Consultas	1,18 (0,70)	1,77 (1,26)	**<0,001**
Nº Eco-Doppler	0,26 (0,64)	0,19 (0,29)	0,247
Nº TAC*	0,11 (0,29)	1,99 (1,95)	**<0,001**
Nº Ingresos reintervención	0,04 (0,21)	0,15 (0,42)	**<0,001**
Nº Ingresos totais	0,04 (0,21)	0,19 (0,45)	**<0,001**

*Tomografía axial computadorizada.

4.3. PROCEDEMENTOS URXENTES

4.3.1. Características dos pacientes.

Realizáronse no noso servizo 77 intervencións por AAA roto no período estudado, 55 CA e 22 EVAR.

Non atopamos diferenzas en canto á variable demográfica de idade, 74 ± 8,3 anos (54-91) para a CA e 76 ± 10,2 anos (56-88) para o EVAR.

Facemos unha análise das técnicas por grupo de idade (Figura 43).

Tampouco se atopan diferenzas en canto ó sexo: CA (53 varóns, 2 mulleres), e EVAR (19 varóns, 3 mulleres).

Nos factores de risco cardiovascular observamos diferenza significativa na EPOC e na cardiopatía, con unha maior prevalencia no EVAR (Táboa 33).

En canto o índice de comorbilidade ou índice de Charlson non atopamos diferenza significativa (Figura 44).

Analizamos os datos do hemograma, e da bioquímica analizamos a función renal mediante o eFG. Estratificámolos segundo técnica (Táboas 34 e 35).

En canto ó tratamento médico dos pacientes atopamos de novo diferenza significativa en canto ó ACO, máis prevalente no grupo EVAR; non se atopan diferenzas en canto ó AG (Figura 45).



Figura 43. Distribución da técnica de tratamento segundo a idade nos procedementos urxentes.

Táboa 33. Factores de risco cardiovascular no tratamento urxente.

	CA n (%)	EVAR n (%)	p
Tabaco	62 (57,9)	99 (50)	0,175
Dislipemia	24 (44)	11 (50)	0,659
Hipertensión arterial	33 (61,1)	14 (63,6)	0,837
Diabetes Mellitus	11 (20,4)	3 (13,6)	0,492
Obesidade	10 (18,2)	8 (36,4)	0,089
Cardiopatía	18 (33,3)	11 (50)	**0,008**
EPOC*	10 (18,5)	9 (40,9)	**0,041**
EAP**	5 (9,1)	5 (22,7)	0,108

*Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica; ** Enfermidade arterial periférica.

Táboa 34. Datos do hemograma e da bioquímica dos pacientes sometidos a intervención urxente por AAA.

Datos analíticos	n (%)
Anemia	29 (61,7)
Leucocitose	20 (42,5)
Trombopenia	3 (6,7)
ERC*	34 (44,1)

*Filtrado glomerular estimado < 60 ml/min/1,73m^2.

Táboa 35. Datos do hemograma e da bioquímica dos pacientes sometidos a intervención urxente por AAA segundo a técnica.

Datos analíticos	CA	EVAR	p valor
Anemia	17 (60,7)	12 (63,1)	0,865
Leucocitose	13 (46,4)	7 (36,8)	0,514
Trombopenia	1 (3,8)	2 (10,5)	0,648
ERC*	22 (40,0)	12 (54,5)	0,312

*Filtrado glomerular estimado < 60 ml/min/1,73m^2.



Figura 44. Distribución da comorbilidade segundo o índice de Charlson e segundo a técnica nos procedementos urxentes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Figura 45. Distribución do tratamento médico segundo a técnica nos procedementos urxentes.

4.3.2. Características do aneurisma.

O diámetro medio do aneurisma no grupo da CA foi de 7,8 ± 1,9 cm e no EVAR foi de 7,5 ± 1,5 cm, sen diferenza significativa entre grupos.

No grupo da CA atopamos 14 pacientes (25,5%) con aneurisma de aorta xustarrenal, fronte a 1 (4,5%) no grupo EVAR, con diferenza significativa ($p<0,05$).

En canto a aneurismas ilíacos e hipogástricos: 17 ilíacos (30,9%) no grupo da CA; no grupo EVAR non observamos ningún aneurisma ilíaco ($p<0,001$). 1 hipogástrico (1,8%) na CA fronte a ningún de novo no EVAR, sen diferenza significativa.

4.3.3. Tipo de tratamento empregado.

Coma no grupo electivo, comparamos anualmente o número de intervencións de cada técnica para avaliar a tendencia ó longo do período de estudo (Figura 46).



	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
CA	9	12	5	7	5	1	4	4	4	4
EVAR	0	1	1	1	2	3	3	2	4	5

Figura 46. Distribución da técnica ó longo do período do estudo nos procedementos urxentes.

4.3.3.1. Cirurxía aberta.

Realizáronse 26 enxertos aorto-aórticos, 12 aorto-ilíacos, 13 aorto-femorais e 1 axi-lo-bifemoral (Figura 47).

A prótese empregada foi Dacron en tódolos casos e 8 deles foron Dacron impregnado en prata (14,5%).



Figura 47. Distribución da conformación do enxerto en CA nos procedementos urxentes.

4.3.3.2. Tratamento endovascular.

No grupo EVAR 10 foron implantes aortobiilíacos e 12 aorto-uniilíacos e *bypass* fémoro-femoral cruzado (Figura 48). O procedemento foi percutáneo en 2 casos (9,1%).

As próteses empregadas neste caso foron maioritariamente Endurant® (Medtronic®), en total 18 casos (81,8%), xa que era o modelo dispoñible en *stock* no noso hospital para a urxencia, con varias medidas. Implantáronse ademais 3(13,6%) Excluder® (Gore®) e 1(4,5%) Zenith® (Cook®), por dispoñibilidade da mesma debido o seu volume de implante en pacientes programados.



Figura 48. Distribución da conformación da endoprótese nos procedementos urxentes.

4.3.4. Resultados a curto prazo.

4.3.4.1. Estancias postoperatorias.

A estancia media postoperatoria dos nosos pacientes no grupo EVAR foi de 21,2 ± 25,3 días, fronte a 24,5 ± 36,7 días para a CA, sen diferenza significativa entre ámbalas técnicas.

En canto a estancia na Reanimación, si que existe diferenza significativa, con 7,1 ± 13,2 días para o EVAR, fronte a 11,7 ± 17,4 días para a CA ($p<0,05$).

4.3.4.2. Complicacións a trinta días.

A trinta días postoperatorios, non observamos diferenzas significativas nos distintos tipos de complicacións, salvo no acceso, propia do EVAR (Táboa 36).

Táboa 36. Complicacións a trinta días no tratamento urxente.

Complicación	CA n (%)	EVAR n (%)	p
Cardíaca	14 (25,5)	3 (13,6)	0,259
Respiratoria	17(30,9)	4(18,2)	0,257

Renal	15(27,3)	5(22,7)	0,681
Cerebral	4(7,3)	2(9,1)	0,788
Colite isquémica	7(12,7)	1(4,5)	0,288
Da ferida	7(12,7)	6(27,3)	0,124
De membros inferiores	5(9,1)	1(4,5)	0,501
Trombose de rama	3(5,5)	0(0)	0,264
Do acceso	-	5(22,7)	-

4.3.4.3. Conversión a CA e mortalidade a trinta días.

Foi preciso converter 1 paciente (4,5%) de EVAR a CA.

Analizando a mortalidade a trinta días, atopamos 27 *exitus* (49,1%) en CA e 6 *exitus* en EVAR (27,3%), sen chegar a atopar diferenza significativa.

4.3.4.4. Factores que inflúen na mortalidade a trinta días.

4.3.4.4.1. Análise univariante.

A trinta días, na análise univariante dos procedementos urxentes, atopamos unha asociación forte do AG como factor protector contra a mortalidade, e aínda que de xeito menos significativo, tamén o fai o ACO; o empregar EVAR para o tratamento do AAA roto, tamén mostra unha asociación beneficiosa en canto a menor mortalidade, sen ser significativa.

A anatomía do AAA, en canto a conformación xustarrenal, de novo mostra unha maior mortalidade a trinta días (Táboa 37).

No caso dos pacientes ós que se someteron a CA de xeito urxente, ó contrario que no caso dos pacientes da CA no grupo tratado de xeito electivo, atopamos asociación dunha maior mortalidade coa idade (p<0,05) (Táboa 38).

Táboa 37. Análise univariante sobre a supervivencia a trinta días nos procedementos urxentes.

Variable	Total	Exitus	p valor
Técnica			0,080
CA	55	27 (49,1)	
EVAR	22	6 (27,2)	
Sexo			0,285
Muller	5	1(20,0)	
Home	72	32 (44,4)	
Idade			0,251

<65	14	4 (28,5)	
65 – 75	22	9 (40,9)	
75 – 80	15	5 (33,3)	
>80	26	15 (57,6)	
ERC*	34	18 (52,9)	0,111
Dislipemia	35	14 (40,0)	0,731
Hipertensión arterial	47	17 (36,1)	0,182
Diabetes Mellitus	14	5 (35,7)	0,591
Tabaco	29	10 (34,4)	0,290
Obesidade	18	7 (38,9)	0,679
EPOC**	19	9 (47,3)	0,591
Cardiopatía	29	9 (31,0)	0,114
EAP***	10	2 (20,0)	0,117
Comorbilidade****	37	17 (45,9)	0,508
Antiagregación	34	7 (20,5)	**<0,001**
Anticoagulación	18	4 (22,2)	**0,043**
Xustarrenal	15	10 (66,6)	**0,037**
Ilíaco	17	5 (29,4)	0,204

* eFG <60 ml/min/1,73 m^2; **Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica;
*** Enfermidade arterial periférica; **** Índice de Charlson ≥2

Táboa 38. Análise univariante sobre os factores que inflúen na supervivencia a trinta días na CA nos procedementos urxentes.

Variable	Total	Exitus	p valor
Idade			**0,040**
<65	9	4 (44,4)	
65 – 75	21	8 (38,1)	
75 – 80	10	3 (30,0)	
>80	15	12 (80,0)	
Xustarrenal	14	9 (64,2)	0,187
EAP*	5	1 (20,0)	0,172
Ilíaco	17	5 (29,5)	0,051

*Enfermidade arterial periférica.

Se estratificamos os grupos de idade entre maiores e menores de oitenta anos, observamos 12 *exitus* nun total de 15 pacientes maiores de 80 anos ós que se lles realizou CA, mentres que nos restantes 40, menores de oitenta anos, faleceron 15, cunha diferenza significativa (p <0,05).

4.3.4.4.2. Análise multivariante.

Na análise multivariante sobre a supervivencia a trinta días dos procedementos urxentes, observamos un risco aumentado de mortalidade en pacientes con maior comorbilidade (Charlson > 2)

Como factor protector contra a mortalidade observamos o EVAR e o tratamento con AG (Figura 49).



EPOC: Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica; ERC: Enfermidade renal crónica con filtrado glomerular estimado < 60 ml/min/1,73 m^2; EAP: Enfermidade arterial periférica.

Figura 49. Análise multivariante sobre a supervivencia a trinta días nos procedementos urxentes.

4.3.4.5. Endofugas.

No EVAR, observamos 2 fugas tipo I (9,1%) e 1 tipo III (4,5%), corrixidas, e 6 fugas tipo II (27,3%).

4.3.4.6. Función renal.

A función renal que nos atopamos xusto no momento da entrada do doente con AAA roto xa está influenciada pola propia situación intrínseca á rotura. Analizamos as cifras de eFG despois da intervención e recollemos o eFG mínimo no ingreso. A súa vez recollemos as cifras á alta coma nos pacientes tratados de xeito electivo e facemos unha comparativa entre a técnica CA e EVAR a 30 días.

Partindo dun eFG similar na CA e no EVAR, o eFG mínimo perioperatorio foi peor para a CA aínda que de xeito non significativo. Á alta non se atoparon diferenzas significativas entre ámbolos grupos. (Táboa 39).

Táboa 39. Evolución da función renal a curto prazo.

Función renal	CA	EVAR	p
eFG basal	64 ± 20,8	60 ± 26,2	ns
eFG mínimo	34 ± 24,1	44 ± 28,2	ns
eFG alta	65 ± 27,1	57 ± 25,8	ns

eFG: Filtrado glomerular estimado.

Nos pacientes tratados de xeito urxente o FRA observouse en 42 pacientes (60%).

A porcentaxe de pacientes que precisaron diálise no postoperatorio foi do 7,3% na CA vs. 13,6% no EVAR, sen diferenza significativa.

4.3.4.7. Factores que inflúen no FRA nos procedementos urxentes.

4.3.4.7.1. Análise univariante.

A única variable que se asocia a FRA no grupo urxente, foi que a técnica empregada fora CA; a obesidade actúa como factor protector contra o FRA (Táboa 40).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 40. Análise univariante sobre os factores que inflúen no FRA.

Variable	Total	FRA	p valor
Técnica			**0,030**
CA	50	34 (68,0)	
EVAR	20	8 (40,0)	
Sexo			0,528
Muller	4	3 (75,0)	
Home	66	39 (59,1)	
Idade			0,951
<65	13	7 (53,8)	
65 – 75	22	14 (63,6)	
75 – 80	13	8 (61,5)	
>80	22	13 (59,1)	
ERC*	28	13 (46,4)	0,058
Dislipemia	35	23 (65,7)	0,329
Hipertensión arterial	45	25 (55,5)	0,308
Diabetes Mellitus	14	8 (57,1)	0,807
Tabaco	28	18 (64,2)	0,550
Obesidade	18	7 (38,8)	**0,033**
EPOC**	19	11 (57,9)	0,826
Cardiopatía	28	17 (60,7)	0,920
EAP***	10	5 (50,0)	0,485
Comorbilidade****	37	21 (56,7)	0,557
Antiagregación	33	22 (66,6)	0,282
Anticoagulación	17	9 (52,9)	0,494
Xustarrenal	14	8 (57,1)	0,807
Ilíaco	16	10 (62,5)	0,816

* eFG <60 ml/min/1,73 m²; **Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica;
*** Enfermidade arterial periférica; **** Índice de Charlson ≥2

4.3.4.7.2. Análise multivariante.

A asociación da CA atopada na univariante como factor de risco para o FRA, atópase de novo na multivariante, sen poder relacionar significativamente ningún outro factor (Figura 50).



Comorbilidade: Charlson ≥2; EPOC: Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica.

Figura 50. Análise multivariante sobre os factores que inflúen no FRA.

4.3.5. Resultados a longo prazo.

4.3.5.1. Tempo de seguimento e complicacións.

O tempo de seguimento foi de 74,7 ± 42,4 meses para a CA e 35,8 ± 35,5 meses para o EVAR (p<0,05).

Observamos no seguimento, trombose de rama en 1 caso (3,6%) da CA e 1 caso (6,3%) no EVAR, sen diferenza significativa.

Non observamos pseudoaneurismas en ningún grupo, diagnosticándose infección protética en 1 doente (3,6%) na CA e 1 (7,1%) no EVAR, sen diferenza significativa.

Observamos FAE en 1 paciente no grupo da CA (3,6%).

4.3.5.2. Supervivencia.

Ó final do seguimento a porcentaxe de *exitus* dentro de tódolos pacientes tratados por AAA de xeito urxente é do 40,9% (Figura 51); como nos procedementos electivos, a supervivencia a longo prazo é maior nos pacientes tratados mediante CA (p<0,05) (Figura 52).



Figura 51. Curva de supervivencia global no tratamento urxente.



Figura 52. Curva de supervivencia segundo a técnica no tratamento urxente.

En total 9 pacientes (32,1%) faleceron ó final do seguimento na CA vs. 9 (56,3%) no EVAR. Na táboa 41 mostramos as diferentes causas de *exitus* no seguimento.

Táboa 41. Causas de exitus seguimento no tratamento urxente.

Causa *exitus*	CA n (%)	EVAR n (%)
Cardiovascular	4 (44,4)	5 (55,6)
Ictus	1 (11,1)	0 (0)
Isquemia intestinal	1 (11,1)	0 (0)
Neoplasia	3 (33,3)	1 (11,1)
Aneurisma aorta abdominal	0 (0)	2 (22,2)
Isquemia membros inferiores	0 (0)	1 (11,1)
Total	9 (100)	9 (100)

4.3.5.3. Factores que inflúen na supervivencia a longo prazo.

4.3.5.3.1. Análise univariante.

A longo prazo, atopamos diferenza significativa en canto a maior mortalidade, en pacientes de maior idade e con cardiopatía (p<0,05).

Do mesmo xeito que nos procedementos electivos, a ERC e o eFG <60 ml/min aumenta o risco de *exitus* no seguimento (p<0,001) (Táboa 42).

Táboa 42. Análise univariante da supervivencia a longo prazo nos procedementos urxentes.

Variable	Total	Exitus	p valor
Técnica			0,117
CA	28	9 (32,1)	
EVAR	16	9 (56,2)	
Sexo			0,698
Muller	4	2 (50)	
Home	40	16 (40)	
Idade			**0,023**
<65	10	1 (10,0)	
65 – 75	13	4 (30,7)	
75 – 80	10	5 (50,0)	
>80	11	8 (72,7)	
ERC *	16	13 (81,2)	**<0,001**
Dislipemia	21	7 (33,3)	0,328
Hipertension	30	12 (40,0)	0,857
Diabetes Mellitus	9	4 (44,4)	0,808
Tabaco	19	4 (21,0)	**0,019**
Obesidade	11	2 (18,1)	0,076
EPOC**	10	5 (50,0)	0,506
Cardiopatía	20	12 (60,0)	**0,018**
EAP***	8	3 (18,1)	0,828
Comorbilidade****	20	11 (55,0)	0,082
Antiagregación	27	9 (33,3)	0,197
Anticoagulación	14	8 (57,1)	0,134
Xustarrenal	5	2 (40,0)	0,965
Ilíaco	12	6 (50,0)	0,452

* eFG <60 ml/min/1,73 m²; **Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica;
*** Enfermidade arterial periférica; **** Índice de Charlson ≥2

4.3.5.3.2. Análise multivariante.

Debido ó pequeno tamaño da mostra, non é posible facer unha análise multivariante sobre a supervivencia a longo prazo nos procedementos urxentes**.**

4.3.5.4. Reintervencións e endofugas.

De novo, aínda que aquí sen diferenza significativa, observamos un número maior de reintervencións no EVAR, 4 (25%) vs. 5 (7,1%).

No grupo EVAR, atopamos 5 (31,3%) fugas no seguimento, sendo 4 (25%) fugas tipo II e 1 (6,3%) tipo III.

En canto ás reintervencións no EVAR, 3 (18,8%) foron por fuga, 2 (12,5%) por fuga tipo II e 1(6,3%) por fuga tipo III.

4.3.5.5. Supervivencia libre de reintervención.

A porcentaxe de *exitus* ou reintervención no seguimento dentro do global de pacientes tratados por AAA de xeito urxente é do 47,7% (Figura 53).

A supervivencia libre de reintervención no seguimento dos procedementos urxentes tamén é maior no grupo da CA (p<0,001) (Figura 54).



Figura 53. Curva de supervivencia libre de reintervención no global do tratamento urxente.



Figura 54. Curva de supervivencia libre de reintervención por técnica no tratamento urxente.

Ó final do seguimento observamos un 75% de *exitus* ou de reintervención por fuga de calquera tipo no grupo EVAR (Figura 55).

En canto a reintervención por fuga tipo II ou *exitus*, e por fuga non II ou *exitus*, observamos un 68,7% e un 75% respectivamente dentro do EVAR (Figuras 56 e 57).

En canto a supervivencia libre de reintervención por causa distinta a fuga no seguimento dos procedementos urxentes, é maior no grupo da CA, cunha porcentaxe de reintervencións ou *exitus* do 62,5% no EVAR fronte o 35,7% na CA (p<0,05) (Figura 58).



Figura 55. Curva de supervivencia libre de reintervención por fuga no tratamento urxente.



Figura 56. Curva de supervivencia libre de reintervención por fuga tipo II no tratamento urxente.



Figura 57. Curva de supervivencia libre de reintervención por fuga non II no tratamento urxente.



Figura 58. Curva de supervivencia libre de reintervención por causa distinta a fuga no tratamento urxente.

4.3.5.6. Función renal a longo prazo.

No primeiro ano tras intervención e ó final do seguimento non observamos diferenzas significativas na función renal polo eFG en ámbolos grupos (Táboa 43).

Tampouco houbo diferenza no eFG ó ano da intervención entre os pacientes que sufriron FRA no ingreso como nos que non. Do mesmo xeito ocorre ó final do seguimento (Táboa 44).

Se falamos do ritmo de descenso do eFG segundo técnica, ó ano da CA, igual que nos procedementos electivos, é maior que no EVAR. No seguimento tamén se estabiliza o ritmo de descenso do eFG en ámbolos grupos, coma no grupo de intervencións programadas (Táboa 45).

Táboa 43. Datos da función renal a longo prazo segundo a técnica.

Técnica	eFG 1er ano	eFG fin seguimento	p
CA	59 ± 15,1	55 ± 16,3	ns
EVAR	64 ± 25,6	53 ± 21,2	ns

eFG: Filtrado glomerular estimado.

Táboa 44. Impacto do FRA a longo prazo nos procedementos urxentes.

eFG	Non FRA	Sí FRA	p valor
eFG 1er ano	66,1 (20,4)	55,8 (15,8)	0,094
eFG final seguimento	57,7 (16.0)	52,7 (18,8)	0,379

eFG: Filtrado glomerular estimado.

Táboa 45. Ritmo de descenso do eFG ó longo do tempo nos procedementos urxentes.

Tempo	CA	EVAR	p valor
1er ano	15,1 (21,8)	4,7 (6,1)	**0,033**
Media anual ata fin de seguimento	4,5 (6,9)	2,1 (14,0)	0,407

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

eFG: Filtrado glomerular estimado.

No seguimento só un doente do grupo EVAR precisou diálise mentres que ningún doente que superou a CA a precisou posteriormente.

4.3.6. Participación do cirurxián nas intervencións urxentes.

Do mesmo xeito que analizo a miña participación nas intervencións electivas fágoo nas urxentes.

O número total de intervencións urxentes por AAA nas que participei foron 21 procedementos, 10 CA e 11 EVAR (Figura 59).

Pese a que a CA duplica os casos de EVAR no grupo de intervencións urxentes, a miña participación como cirurxián e practicamente igual en número nas dúas técnicas, con diferenza estatística a favor do EVAR (p<0,05) (Táboa 46).



Figura 59. Evolución do tipo de intervencións nas que participa o investigador no tempo do estudo, no tratamento urxente.

Táboa 46. Participación do cirurxián no total das intervencións urxentes.

Variable	Total	Gallego n(%)	p-valor
CA	54	10 (18,5)	**0,005**
EVAR	22	11 (50,0)	

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na etapa de formación, asistín a 6 intervencións, 4 CA e 2 EVAR (Figura 60).

Neste período, o número de intervencións urxentes mediante CA é maior que mediante EVAR e a pesar de non acadar diferenza estatisticamente significativa (Táboa 47), participei nun 25% dos EVAR urxentes fronte a só un 10% das CA urxentes.



Figura 60. Distribución da participación segundo a técnica no período de formación no tratamento urxente.

Táboa 47. Participación do médico interno residente nas intervencións urxentes.

Variable	Total	Gallego n(%)	p-valor
CA	38	4 (10,5)	0,053
EVAR	8	2 (25)	

Na etapa de especialista novel, participei en 15 procedementos, 6 CA e 9 EVAR (Figura 61).

Neste período, o número de intervencións é semellante nas dúas técnicas, estando ámbalas dúas parellas no número de intervencións totais de cada tipo (Táboa 48), estando tamén parellas as porcentaxes nas que asistín como cirurxián especialista novel, observando unha tendencia maior a realizar EVAR.



Figura 61. Distribución da participación segundo a técnica no período de cirurxián novel no tratamento urxente.

Táboa 48. Participación do cirurxián novel nas intervencións urxentes.

Variable	Total	Gallego n(%)	p-valor
CA	16	6 (37,5)	0,478
EVAR	14	9 (57,1)	

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.3.7. Calidade de vida e custos estimados en intervencións urxentes.

Analizamos as revisións clínicas no seguimento, obtendo unha media de 5,8 ± 3,4 consultas na CA fronte a 6,6 ± 5,1 no EVAR.

En canto ó número de exploracións ecográficas, atopamos unha media de 1,8 ± 2,1 na CA vs. 0,71 ± 1,6 no EVAR.

A media de exploracións con TAC na CA e de 1,7 ± 2,4 vs. 6,5 ± 3,8 no EVAR. O número medio de ingresos para realización de TAC con protección renal foi de 0,7 ± 0,3 no EVAR.

O número medio de reingresos para reintervención na CA foi 0,18 ± 0,5 vs. 0,43 ± 0,6 no EVAR.

En total a media de número de reingresos foi de 0,5 ± 1,2 para CA e de 0,57 ± 0,94 para EVAR.

Facemos unha comparativa para ámbalas técnicas, por tempo de seguimento, do mesmo xeito que nos procedementos programados (Táboa 49).

Táboa 49. Número medio de revisións, exploracións complementarias e reingresos por tempo de seguimento.

Variable	CA	EVAR	p valor
N.º Consultas	1,08 (0,61)	2,69 (2,82)	**<0,001**
N.º Eco-Doppler	0,38 (0,42)	0,10 (0,20)	**0,004**
N.º TAC*	0,32 (0,57)	3,15 (1,94)	**<0,001**
N.º Ingresos reintervención	0,02 (0,07)	0,65 (1,62)	0,074
N.º Ingresos totais	0,08 (0,21)	0,70 (1,62)	0,313

*Tomografia axial computadorizada.

5

DISCUSIÓN

Pese a que a melloría nas técnicas cirúrxicas amosan unha diminución da mortalidade tras CA do AAA, repórtanse en series modernas unhas taxas arredor do 1% e o 5%. Ademais da mortalidade, existen outros riscos derivados desta cirurxía, tales como complicacións maiores (respiratorias, cardíacas, renais) e unha hospitalización e recuperación prolongadas. Á súa vez, cada vez máis, existen pacientes de idade avanzada e con comorbilidades importantes, que os fan non candidatos a este tipo de intervención. O EVAR xorde como alternativa á cirurxía clásica para combater estas limitacións.

Desde que Parodi en 1991 introduce o concepto de tratamento do AAA mediante o implante dunha endoprótese, existe un desenvolvemento continuo de materiais e técnicas para mellorar os resultados e tamén para intentar aplicar a técnica a un abanico maior de pacientes.

Xa na pasada década, preséntanse os resultados de diferentes estudos comparando a CA co EVAR, sinalando a este último como unha alternativa segura ó tratamento cirúrxico clásico (Táboa 50).

Táboa 50. Mortalidade a trinta días nos estudos aleatorizados que comparan a cirurxía aberta e o tratamento endovascular do AAA [169].

	CA (%)	EVAR (%)
EVAR1	4,7	1,7
DREAM	4,8	1,2
OVER	3	0,5

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A controversia actual e o que me anima a analizar os nosos resultados, nun servizo con experiencia en ámbalas dúas técnicas dende hai máis de vinte anos, é saber cal é a estratexia de tratamento que ofrece máis vantaxes a cada paciente para non

sucumbir ós resultados favorables a curto prazo do tratamento endovascular, esquecéndonos da durabilidade dos procedementos co paso do tempo.

5.1. ANÁLISE DA POBOACIÓN DO ESTUDO

A poboación de pacientes tratados por AAA, distribúese xeograficamente na totalidade da provincia de Lugo, xa que o Servizo de Anxioloxía e Cirurxía Vascular do Hospital Lucus Augusti é o único na EOXI (estrutura organizativa de xestión integrada) Lugo-Burela-Monforte.

A proporción de varóns e mulleres tratadas por esta patoloxía (94,2% vs. 5,8%) está en consonancia co publicado noutras series e a idade dos pacientes tende a ser lixeiramente maior; máis dun cuarto dos pacientes (27,7%) tratados por AAA contaban con máis de oitenta anos no momento da intervención. Isto explícase seguramente polo envellecemento da nosa poboación, sendo a provincia de Lugo unha das máis lonxevas do Estado[170].

A porcentaxe de intervencións electivas e urxentes (79,8 % vs. 20,2%) tamén é similar ó observado noutros estudos[171,172].

5.2. ANÁLISE DOS PROCEDEMENTOS ELECTIVOS

5.2.1. Análise das características dos pacientes.

A poboación de pacientes tratados de xeito electivo por AAA neste tempo no noso Servizo, ao igual que noutros estudos[173,174], está formada maioritariamente por varóns (94,4% vs. 5,6%); o paciente tipo é un varón de 73 anos, hipertenso, dislipémico e fumador. Atopamos diferenza en canto ó sexo nos grupos CA e EVAR; o 88,2% das mulleres con AAA foi tratada mediante EVAR electivo fronte a un 11,8% tratado mediante CA. No grupo de varóns a diferenza non é tan elevada, cunha distribución de 63,5% EVAR vs. 36,5% CA. Noutros estudos poboacionais publicados a porcentaxe de mulleres tratadas mediante EVAR é menor, explicado xeralmente polas características anatómicas do aneurisma menos favorables para o tratamento endovascular, o que contrasta cos nosos resultados[174]; a idade media das pacientes mulleres intervidas por AAA na nosa serie foi significativamente maior que a dos pacientes varóns, 78 anos vs. 73 anos (p<0,05), o que puido influír na decisión á hora da indicación.

Á súa vez, a idade media no grupo de CA foi significativamente menor que en EVAR, 68 vs. 77 anos (p<0,001), en sintonía coa literatura previa, algo que se explica polo suposto menor risco da técnica endovascular en pacientes máis anciáns e con maior comorbilidade na maioría dos casos[175,176].

Os factores de risco cardiovascular tamén presentan unha distribución similar a outras series, con diferenza significativa en canto a presenza de HTA e a CI, máis frecuentes no grupo EVAR, cun 71,7% de pacientes hipertensos e un 45,5% de pacientes cardiópatas (p<0,05)[169].

En canto ós datos de hemograma e bioquímica, só atopamos diferenza na función renal, cunha porcentaxe maior de ERC e un eFG menor no grupo EVAR, explicado pola maior idade deste grupo en comparación co da CA.

Tamén se atopa diferenza significativa entre o tipo de intervención e o índice de comorbilidade (Charlson) e o ASA, con máis comorbilidade e máis risco anestésico en EVAR: Charlson ≥2 no 73,9% do EVAR vs. 26,1% na CA (p<0,05) e categoría ASA III-IV no 69,4% do EVAR vs. 30,6% en CA (p<0,001). En estudos do noso país as características dos pacientes son semellantes en canto a estes índices[177].

En canto ó tratamento médico, observamos maior número de pacientes anticoagulados no grupo EVAR, xa que na maioría dos casos os que precisan esta terapia teñen asociada maior comorbilidade polo que a indicación do tratamento endovascular é máis frecuente.

5.2.2. Análise das características do aneurisma.

O diámetro a partir do que se indica tratamento mediante CA ou EVAR en pacientes asintomáticos está en 5,5 cm no caso dos varóns e os 5 cm no caso das mulleres[178].

Pese a ser o corte máis baixo para o tratamento do AAA en mulleres, na nosa serie non se observan diferenzas no diámetro medio en ambos os grupos (5,96 cm en varóns vs. 6,15 cm en mulleres) e tampouco nos grupos de EVAR ou CA (5,92 cm vs. 6,02 cm), explicado probablemente pola ausencia dun programa de cribado que permita diagnosticar os pacientes a unha idade máis temperá e á súa vez cun diámetro máis pequeno. No caso das mulleres ademais, como se explicou previamente, a idade media é maior que nos varóns, diagnosticándose na maioría dos casos de xeito incidental pero máis tarde que no caso dos varóns debido probablemente a un mellor estado de saúde e máis lonxevidade.

No grupo de CA atopamos 30 pacientes con aneurisma de aorta xustarrenal, fronte a 1 no grupo EVAR, explicándose esa diferenza en que unha das características anatómicas para poder realizar un EVAR sinxelo é unha lonxitude de 10 mm como mínimo de aorta infrarrenal non aneurismática. Un dos criterios de exclusión do noso estudo son os aneurismas tratados mediante endopróteses complexas, con tratamento das arterias renais ou do resto de troncos viscerais por non existir aínda a día de hoxe evidencia suficiente sobre o tratamento mediante estas técnicas.

A presenza de aneurismas ilíacos ou hipogástricos implican unha maior complexidade técnica tanto na CA como no EVAR, podendo influír nos resultados do procedemento[179]. Revisando a literatura publicada, obsérvase a presenza de aneurismas ilíacos nun 20% dos pacientes con AAA[180].

Na nosa serie atopamos unha maior presenza de aneurismas ilíacos no grupo de CA, 24,3% vs. 8,1% (p<0,001), en probable relación co desexo de evitar complicacións secundarias a embolización hipogástrica no tratamento endovascular.

5.2.3. Análise do tratamento empregado.

5.2.3.1. Cirurxía aberta.

Realizáronse no noso Servizo 107 intervencións por AAA mediante CA, 35% do total. En concordancia con outras series a conformación maioritaria foi a aorto-aórtica, practicada no 61,7% dos pacientes. Sempre que sexa factible anatomicamente, esta disposición presenta beneficios tanto no tempo cirúrxico como na diminución de riscos en comparación con conformacións máis distais[181,182]. O restante distribuíuse en 23,4% aorto-ilíacos e 15% aorto-femorais. A prótese empregada foi de Dacron en tódolos casos.

5.2.3.2 Tratamento endovascular.

A experiencia no EVAR creceu notablemente. A día de hoxe existen múltiples opcións para o tratamento do AAA, mediante diferentes tipos de endopróteses, con características distintivas para aplicar segundo as condicións anatómicas de cada paciente. Na nosa serie realizáronse 198 intervencións electivas por AAA mediante EVAR, o que supón un 65% do total.

As condicións anatómicas que permiten un tratamento endovascular, foron cambiando co paso do tempo; as guías clínicas actuais, elaboradas por diferentes sociedades científicas establecen estes requirimentos mínimos[156,178]:

- Lonxitude do colo > 10 mm.
- Diámetro do colo > 17 mm e < 32 mm.
- Ángulo entre a aorta suprarrenal e xustarrenal < 60 º.
- Ángulo entre a aorta xustarrenal e o eixo maior do saco aneurismático < 60º-90º.
- Trombo no colo que ocupe < 50 % da súa circunferencia.
- Calcificación circunferencial < 50%.
- Diámetro da bifurcación aórtica > 18 mm se a endoprótese é bifurcada.
- Diámetro do acceso da arteria ilíaca > 7mm.
- Lonxitude da selaxe do colo distal > de 15 mm.
- Diámetro do colo distal < 22 mm.
- Ángulo entre o aneurisma aórtico e a ilíaca < 60 º.
- Calcificación non circunferencial a nivel ilíaco.

Como procedementos complementarios necesarios para o implante dunha endoprótese mencionamos os seguintes:

- O *bypass* fémoro-femoral cruzado: en casos de ateromatose grave dun eixo ilíaco ou nos casos de bifurcacións aórticas estreitas, o *bypass* fémoro-femoral perfunde unha extremidade mentres que o tratamento do aneurisma se realiza cun compoñente monoilíaco e a extensión que precise só por un eixo ilíaco.
- A embolización das arterias hipogástricas para evitar endofugas, nos casos de coexistir un aneurisma de arteria ilíaca común, sendo preciso realizar unha selaxe distalmente en arteria ilíaca externa.

Dentro do grupo EVAR electivo, 178 (89,9%) procedementos foron aorto-biilíacos, e 20 (10,1%) aorto-uniilíacos con *bypass* cruzado. Observamos no grupo de mulleres ás que se lles realizou un EVAR, unha porcentaxe maior de aorto-uniilíacos con *bypass* cruzado, 29,4 % en mulleres vs. 5,6 en varóns (p<0,001). Este achado pode explicar o feito de que ás mulleres da nosa serie se lles realizase máis EVAR que CA a pesar de que as condicións anatómicas sexan menos favorables do mesmo xeito que o reflectido na literatura.

A conformación desexada é por suposto a aorto-biilíaca, xa que a asociación dunha cirurxía extraanatómica non está exenta de complicacións potenciais tanto de isquemia de extremidades inferiores como de infeccións[183].

Coa mellora dos perfís das endopróteses e co avance da tecnoloxía a necesidade dun *bypass* cruzado é cada vez menor, sempre que falemos dunha cirurxía electiva[184].

Na nosa serie foi preciso a embolización hipogástrica no 32% dos casos e ocluíuse en 1 paciente (0,5%); o risco descrito de isquemia intestinal, glútea ou espinal secundario á embolización hipogástrica é desprezable, observando colite isquémica na nosa serie en 2 pacientes (1%) tras EVAR; máis frecuentes son a claudicación glútea, con taxas arredor do 25% e a disfunción sexual arredor do 10%[185], non sendo rexistradas especificamente nos evolutivos dos nosos pacientes.

Nos últimos anos aparece a posibilidade da preservación hipogástrica mediante a súa canalización e implante de ramas de selaxe a este nivel, para intentar evitar as complicacións derivadas dunha embolización[186].

Observamos neste tempo o implante dun *branch* ilíaco en 2 pacientes, 1% do noso estudo.

O xeito clásico para o implante da endoprótese era mediante a disección cirúrxica da femoral común ou do trípode femoral. Co avance tecnolóxico e a aparición de suturas que se colocan previamente ó paso dos introdutores polos que avanzan as próteses, que a súa vez son de menor calibre, permiten facer o implante de xeito percutáneo, evitando o xesto cirúrxico e facendo a técnica aínda se cabe, menos invasiva[187]. Na nosa serie o implante realizouse de xeito percutáneo no 21,7%.

Os modelos de endopróteses existentes para a reparación endoluminal do AAA diféréncianse no seu deseño, composición, tipo de stent e a presenza ou non de métodos de fixación á parede aórtica.

En xeral, as melloras van encamiñadas a diminuír os perfís das próteses, a aumentar a súa flexibilidade mantendo a súa forza e durabilidade e a conseguir a súa adaptabilidade a casos anatomicamente cada vez máis complexos.

A modo de resumo, expóñense no Anexo 4 as características principais das endopróteses empregadas durante o tempo no que transcorre o estudo.

5.2.4. Análise dos resultados a curto prazo.

5.2.4.1. Estancias postoperatorias.

En diferentes estudos sobre tratamento do AAA, descríbense unhas estancias postoperatorias moi curtas para o AAA tratado mediante EVAR, dunhas 24-48 horas, falándose nalgunha serie do tratamento ambulatorio do AAA[188,189].

A estancia media postoperatoria dos nosos pacientes foi menor no grupo EVAR, tanto a estancia postoperatoria en reanimación, con 0,29 ± 1,5 días vs. 5,5 ± 8,4 días, como a estancia postoperatoria total, 5,4 ± 8,4 días vs. 13,6 ± 12,0 días (p<0,001), o que concorda co publicado previamente, aínda que lixeiramente máis curtas en canto a estancia en Reanimación, onde se describen unhas estancias de 1 (1,0-2,0) días para EVAR e 4 (3,0-6,0) días en CA; en canto a estancia postoperatoria total describen uns 3 (2,0-5,0) días de estancia postoperatoria total para EVAR como na nosa serie, e 6 (7,0-10,0) días para CA[190], lixeiramente menor.

5.2.4.2. Complicacións a trinta días.

A experiencia no EVAR medrou notablemente e algúns autores conclúen que o EVAR se asocia a menor morbilidade e mortalidade que a cirurxía convencional xa que é unha alternativa menos invasiva[191,192].

Na nosa serie, o 45 % dos pacientes intervidos por AAA mediante CA presentou complicacións nos primeiros trinta días fronte ó 25% no grupo EVAR (p<0,001); en CA observamos significativa maior incidencia de complicacións cardíacas (9,3% CA vs. 2% EVAR) e respiratorias (17,8% CA vs. 1,5% EVAR), en sintonía coa literatura recente con taxas menores destas complicacións para EVAR, describindo un 11% de complicacións cardíacas e 3% de respiratorias vs. o 22% e 16% respectivamente en CA[193].

Tamén se observa maior incidencia de sangrado e de colite isquémica en CA: 13,1% vs. 1,5% (p <0,001) e 5,6% vs. 1% (p<0,05), respectivamente. Estas cifras están en consonancia co reflectido na literatura previa; se falamos de perda sanguínea, estiman en estudos aleatorizados unha perda de 200 (150-400) ml no EVAR vs. 1000 (650-2000) ml en CA[190] cunha taxa xeral de colite isquémica dun 2% tras o tratamento do AAA (5,2% na CA e 1,8% no EVAR)[194].

En canto ás complicación relacionadas co acceso, aplicado só a EVAR, dicir que aínda existindo melloras nos perfís das próteses e a existencia das suturas percutáneas, non se consegue evitar o 100% as complicacións e incluso os devanditos dispositivos poden en si mesmos provocalas, sendo descritas segundo as series complicacións desde o 4 ó 12%[195]. Un estudo multicéntrico recente, o rexistro RISPEVA, describe entre un 1,9% a 3,9% de fallos dos dispositivos usados con unha taxa de hematomas desde o 0,7% ó 1,8%[196]. Na nosa serie observamos un 6,1% de complicacións relacionadas co acceso, no que se inclúen complicacións con estes dispositivos, coa abordaxe cirúrxica femoral e tamén co acceso a nivel das arterias ilíacas.

5.2.4.3. Análise dos factores asociados ás complicacións a trinta días.

Na análise univariante atopamos relación entre a CA, a EAP e o aneurisma xustarrenal, coa presenza de complicacións a 30 días. A asociación da CA pérdese no multivariante, atopando relación coa EPOC e manténdose o feito de que o AAA fora xustarrenal. A influencia da EPOC na morbimortalidade tras CA está descrita en diferentes estudos previos[197], pero polo observado na nosa multivariante na complicación parece prevalecer a EPOC sobre a técnica, polo que unha adecuada mellora da capacidade funcional respiratoria dos pacientes previa á intervención de calquera tipo podería influír nos resultados de ambas.

Se falamos das complicacións por tipo de técnica, tanto na univariante como na multivariante asóciase o feito de ser un aneurisma xustarrenal con máis complicacións na CA, debido á complexidade técnica engadida sobre unha cirurxía xa de por si de elevado risco[198], e no caso do EVAR, o que atopamos é relación co tipo de endoprótese utilizada; neste caso interesaría discernir se as menores complicacións están só influenciadas polo tipo de endoprótese ou en cambio inflúen outros factores, por exemplo anatomías máis complexas no caso das próteses nas que se observan máis complicacións.

5.2.4.4. Conversión a CA e mortalidade a trinta días.

A conversión a CA por imposibilidade de despregamento da prótese ou por unha complicación maior é un dos riscos do tratamento endovascular.

En series antigas publicadas a taxa de conversión a CA está entre o 0.8% e o 5.9%; estudos máis recentes mostran taxas menores[199].

Na nosa serie non foi preciso converter a CA ningún dos pacientes tratados mediante EVAR, indicativo dunha adecuada selección dos pacientes, así como da pericia e experiencia do equipo cirúrxico.

En canto a supervivencia, os nosos achados están en consonancia coa literatura publicada previamente, con taxas de mortalidade e complicacións perioperatorias menores para EVAR, cunha mortalidade a trinta días do 1% para EVAR e do 6,5% para CA no noso estudo; se non temos en conta os aneurismas xustarrenais a mortalidade a trinta días para a CA foi do 2,6%. Estudos multicéntricos randomizados describen unhas taxa de *exitus* a trinta días menor do 1% para EVAR vs. un 2,3 % para CA[190].

Non rexistramos unha diferenza significativa na taxa xeral de morte por causa cardíaca entre o EVAR e a CA, aínda que os datos do EVAR1 revelan que o EVAR se asocia cunha menor incidencia de mortes cardiovasculares nos primeiros meses de seguimento, debido ó menor estrés cardiaco[200]; e a pesar de identificarse unha maior taxa de complicacións respiratorias, non se atopa unha diferenza significativa na morte por causas pulmonares entre EVAR e a reparación cirúrxica, pese a que en CA

o 42,9% falecen de causa respiratoria, ó igual que o reportado en estudos de revisión sistemática[201].

5.2.4.5. Análise dos factores que inflúen na mortalidade a trinta días.

Múltiples estudos e metaanálises amosan mellores resultados a curto prazo, en canto a menor morbimortalidade tras EVAR[169,202], ó igual que observamos na nosa serie.

A ERC é un factor estudado noutro tipo de intervencións e asociado con maior taxa de complicacións e menor supervivencia[203]; no entanto, na nosa poboación intervida por AAA, a ERC non afecta de xeito negativo na supervivencia a trinta días.

O estado nutricional, medido no noso caso cos valores de albumina, indican a importancia deste; na nosa serie a hipoalbuminemia asociouse a maior risco de mortalidade a trinta días na cirurxía electiva, como noutros estudos multicéntricos publicados previamente[204].

A relación da EPOC con maior morbimortalidade tras CA por AAA está descrita previamente[197] aínda que na nosa serie non se acada diferenza estatística en canto a mortalidade a trinta días.

Os aneurismas xustarrenais engaden complexidade a unha intervención xa de por si tecnicamente esixente e de elevado risco[198] polo que os resultados en canto a complicacións e mortalidade son peores en comparación coa reparación dun AAA infrarrenal[205]. Na nosa poboación, na análise univariante ponse de manifesto esta observación concordante con outros estudos.

O AG, presente en multitude de estudos sobre modificacións dos factores de risco vascular e con evidencia máis que demostrada sobre o beneficio do seu uso[206,207], actúa na nosa serie tamén como factor protector, cunha menor mortalidade nos pacientes que estaban a recibir este tratamento.

5.2.4.6. Endofugas a trinta días.

As endofugas son un dos retos que cómpre superar do tratamento endovascular; a súa existencia fai que perdure a presurización do saco aneurismático e que incluso siga medrando o aneurisma, mantendo polo tanto o risco de rotura[208].

Na nosa serie foi preciso corrixir 4 (2%) fugas tipo I no postoperatorio inmediato e ademais observáronse 49 (24,7%) fugas tipo II. Non observamos ningunha fuga tipo III. Na literatura descríbense taxas maiores de fuga tipo I (12%) e III (7%)[209], o que indica a experiencia ampla do noso equipo cirúrxico para realizar unha adecuada selección da endoprótese para a anatomía do AAA. As fugas tipo II son menor operador dependente, descritas ata no 45% dos pacientes tratados con EVAR, describíndose diferentes estratexias como a embolización da mesentérica inferior previo o implante da endoprótese para diminuír a súa incidencia[210], existindo aínda controversia sobre a súa utilidade.

5.2.4.7. Función renal a trinta días.

O FRA tras tratamento por AAA está descrito en estudos publicados previamente, amosando no tratamento programado unha menor incidencia no grupo EVAR que na CA (27,1% vs. 42,8%) [211,212].

Na nosa serie de pacientes tratados de xeito electivo tamén atopamos unha maior taxa de FRA no grupo de CA (29,9%) que no EVAR (11,8%), e o FRA inflúe negativamente na función renal no momento da alta de xeito significativo, do mesmo xeito do que se describe na literatura[213].

A DM, a CA e o aneurisma xustarrenal son factores que aumentan o risco de FRA nos pacientes tratados por AAA na nosa serie igual que noutros estudos publicados[214]. Na análise multivariante perdemos a asociación coa DM aparecendo a comorbilidade como factor de risco para o FRA. Na literatura recente está estudado este feito, obxectivando nos pacientes hospitalizados que unha idade máis elevada e unha maior comorbilidade evidenciada por un maior índice de Charlson é un factor preditor de FRA[215].

5.2.5. Análise dos resultados a longo prazo.

5.2.5.1. Tempo de seguimento e complicacións.

O seguimento medio dos pacientes do noso estudo foi de máis de cinco anos nos dous grupos, polo que semella suficiente para describir resultados a medio-longo prazo das dúas técnicas.

Dentro das complicacións graves a longo prazo tras tratamento por AAA encóntranse a infección protética e a FAE; clasicamente asociadas á CA, cunha incidencia do 0,5 ó 2% para a infección protética e do 0,4 ó 2,5 de FAE[216,217].

Debido á existencia xa dun seguimento longo para o EVAR, obsérvanse tamén neste grupo[218].

A incidencia de infección dunha endoprótese está por debaixo do 1%, entre o 0,2 e o 0,7%, segundo a literatura previa[219,220]. Non atopamos na nosa serie diferenzas significativas entre CA e EVAR, cun 1,9% de infección protética en CA vs. 2% en EVAR, e FAE nun 2,8% en CA vs. 0,5% en EVAR.

Ademais analizáronse como complicacións a longo prazo o pseudoaneurisma (1,9% CA vs. 1% EVAR) e a trombose de rama (2,8% CA vs. 4,5% EVAR) sen diferenza significativa. A incidencia descrita na literatura de pseudoaneurisma despois de cirurxía aórtica varía entre o 0,2% e o 15% segundo as series[221–223] e a trombose de rama identificouse ata nun 6% despois de CA do AAA[224] e nun 5,6% tras EVAR[225], o que indica uns bos resultados do tratamento do AAA no noso servizo, con incidencias menores.

5.2.5.2. Análise da supervivencia e dos factores asociados.

O beneficio do EVAR en relación a unha menor mortalidade no curto prazo, desaparece no seguimento, debido a mortes secundarias a complicacións non relacionadas co aneurisma como as cardiovasculares, pero tamén as relacionadas con el[169,226,227].

Na nosa serie foi necesario converter a CA 5 EVAR (2,5%) e observamos unha mortalidade do 29% para CA e do 48,5% para o EVAR (p<0,05) estando a morte en relación co aneurisma no 11,6% do EVAR, pese a non acadar diferenza estatística. A conversión tardía a CA tras EVAR está descrita en arredor dun 3,7%, falándose de que esta incidencia podería medrar debido ao aumento do número de pacientes tratados mediante EVAR[228]. En metaanálises que comparan diferentes estudos multicéntricos sobre os resultados a longo prazo tras o tratamento do AAA, inciden en que o beneficio en canto a mortalidade tras EVAR mantense durante os primeiros seis meses e é atribuíble aos bos resultados ós trinta días; posteriormente co paso do tempo este beneficio dilúese ata mellores resultados en canto a menor mortalidade tras CA[169]. Do mesmo xeito ocorre coa mortalidade en relación co aneurisma, despois de tres anos de seguimento a CA toma vantaxe sobre o EVAR, con diferenza significativa[169].

Observamos na análise univariante sobre a supervivencia na nosa serie que o EVAR se asocia a maior mortalidade no seguimento, igual que noutros estudos previos [226,229]; aínda está por discernir se existe algún factor asociado ó EVAR que sexa o que realmente inflúa nesa maior mortalidade.

Unha supervivencia menor ó longo do tempo, para calquera técnica cirúrxica, é o esperado en grupos de maior idade, como sucede na nosa poboación de estudo, debido a que a idade é un factor independente para calquera escala de risco e tamén para a supervivencia en xeral; aínda así hoxe en día estanse a buscar factores que inflúan nunha maior lonxevidade en distintas poboacións[230,231].

Tamén no noso caso atopamos que o sexo feminino se asocia a maior mortalidade no seguimento, recordando que as mulleres tratadas por AAA na nosa serie xa eran maiores que os varóns con diferenza significativa no momento do tratamento.

A longo prazo, atopamos na univariante, asociación significativa da ERC con un eFG <60 ml/min, da presenza de EPOC e o estar categorizado como ASA III-IV, cun aumento de risco de mortalidade. Como protector atopamos o AG; é coñecido o efecto beneficioso do AG en pacientes con patoloxía cardiovascular, pola súa influencia na prevención de eventos coronarios e cerebrovasculares[232,233].

Aparece a longo prazo o impacto negativo na supervivencia da reintervención, e de xeito significativo, tanto na univariante como no multivariante; o EVAR segue a semellar factor de risco de mortalidade no longo prazo no multivariante, pero perdendo a significación estatística, o que nos pode sinalar que o problema do EVAR radica no número de reintervencións no seguimento, descrito en múltiples

estudos[226]. O AG e a idade mantéñense como factor protector e de risco respectivamente no multivariante.

5.2.5.3. Análise das reintervencións, endofugas e dos factores asociados.

Como complicación específica do tratamento endovascular, analizamos no seguimento as endofugas. Existen diferentes tipos de fuga segundo a súa orixe e o tempo de detección (Táboa 51). Como xa se comentou, as fugas no seguimento son uns dos puntos fracos do EVAR[208]. A súa existencia supón un risco elevado de presurización do saco aneurismático polo que é preciso un seguimento estreito para a súa detección e corrección. A incidencia de endofugas obsérvase en entre un 10 e un 40% dos pacientes tratados mediante endoprótese[234], en consonancia co atopado na nosa serie cun 44,5%.

Táboa 51. Clasificación dos diferentes tipos de endofugas e endotensión[64].

Tipo de endofuga	Orixe do fluxo periprotético
I	**Zona de ancoraxe**
A	Ancoraxe proximal da prótese
B	Ancoraxe distal da prótese
C	Oclusor ilíaco
II	**Fugas por ramas colaterais ó saco**
A	Simple: unha soa rama permeable
B	Complexa: dúas ou máis ramas
III	**Defecto protético**
A	Desconexión modular
B	Rotura da tea
IV	**Porosidade da tea antes dos 30 días postimplante**
Tempo de detección	Primaria, presente dende o implante
	Secundaria, aparece despois dun control con CT en fuga
Endotensión	Crecemento do AAA con aumento da presión do saco sen visualizar endofuga de contraste na fase tardía do CT.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Un tema de interese e relacionado coas endofugas, é o número de reintervencións ó longo do tempo cunha ou outra técnica. A súa importancia radica na durabilidade dos procedementos, no efecto na supervivencia dos pacientes e na súa calidade de vida. Ademais non nos podemos esquecer dos custos elevados que xeran[226].

Na nosa serie observamos un 2% de reintervencións en CA fronte ó 24% do EVAR (p<0,001). Do total das reintervencións en EVAR o 80,8% (19,5% do total do EVAR) foron por fuga e o 19,1% (4,6% do total do EVAR) tivo que reintervirse de xeito reiterado.

A fuga tipo II é a máis frecuente no seguimento en grandes series que revisan os resultados do tratamento endovascular, cunha incidencia entre o 8 e o 44%[235]. Consideradas fugas de baixa presión, se non orixinan crecemento do saco aneurismático non precisan tratamento. Na nosa serie, do 32,7% de fugas tipo II que atopamos no seguimento, case a terceira parte precisaron corrección (11,8% do total do EVAR). Á súa vez, unha cuarta parte (26% das reintervencións por fuga II) precisou máis dunha reintervención (3,1% do total do EVAR).

O resto de reintervencións por fuga corresponden a fugas I e III, supoñendo o 7,1% do total do EVAR, e de xeito reiterado o 1,5%.

Obxectívase nas curvas de supervivencia libres de reintervención, a asociación significativa co EVAR, polo que a relación é directa e concordante cos grandes estudos poboacionais; en conxunto, non atopamos diferenza significativa entre a endoprótese empregada e o número de reintervencións, pero se excluímos as endopróteses cun número baixo de implantes si que existe asociación. Na multivariante, atopamos que a endoprótese Excluder® actúa como factor protector contra a reintervención.

Do tratamento coa endoprótese Nellix®, xorde un novo concepto que é o EVAS (*endovascular aorta sealing*), facendo énfase na selaxe do AAA sen os medios de fixación que presentan o resto das endopróteses usadas ata o momento.

Este innovador concepto de selaxe parecía que chegaba para combater gran parte das complicacións e endofugas coñecidas, especialmente as tipo II por reentrada [236].

Co paso do tempo os malos resultados obtidos por ela obrigaron a restrinxir o seu uso, a día de hoxe só indicadas como uso compasivo[237].

Enfrontamos esta endoprótese coas outras usadas no EVAR, atopando unha diferenza significativa en canto ó número de reintervencións, cun maior número no grupo da Nellix®.

Se a multivariante a facemos sobre reintervención ou *exitus*, o EVAR, o AAA xustarrenal e a idade maior de 80 anos, aumentan o risco.

5.2.5.4. Análise da función renal no seguimento.

Revisando a literatura previa, atopamos series que falan dun descenso permanente da función renal despois do primeiro ano tras CA do AAA, e que ese descenso se asocia a unha ERC previa ou a situación de fallo renal agudo no postoperatorio[213]. Os datos obtidos na nosa serie concordan a este respecto, o descenso de eFG ó ano da

intervención é maior na CA pese a ser maior en valores absolutos que no EVAR e o FRA inflúe negativamente tamén ó ano da intervención.

A longo prazo, existen estudos que falan de que o empeoramento da función renal estimado polo descenso do eFG é maior no EVAR que na CA ó longo do seguimento[238], no entanto, na nosa serie o ritmo de descenso do eFG iguálase nas dúas técnicas, de novo con valores absolutos maiores de eFG no grupo de CA ó final do seguimento.

O factor que atopamos que inflúe negativamente na función renal no final do seguimento, cun eFG < 60, na multivariante, é unha idade maior de oitenta anos e unha maior comorbilidade, sen que a técnica cirúrxica inflúa nela. Aínda que se fala de que a longo prazo o EVAR presenta un empeoramento da función renal maior que na CA como se comentou previamente, existen estudos que refiren que o empeoramento é igualmente progresivo nas dúas técnicas [239], do mesmo xeito que observamos na nosa serie.

5.2.6. Análise da participación do cirurxián nas intervencións programadas.

Como se dixo no apartado de resultados, a miña participación no grupo de pacientes programados foi de 79 procedementos, 19 CA e 60 EVAR. Na Táboa 29, amósase que a participación é tres veces maior en EVAR que en CA, con diferenza significativa (p<0,05).

Se o dividimos en dous períodos, na etapa de formación obtemos tamén con diferenza significativa unha maior participación en EVAR que en CA (p<0,05).

Ó chegar á etapa de especialista novel, segue a observarse a tendencia a participar nun maior número de EVAR que en CA, practicamente tres veces máis número de EVAR, mentres que o número de EVAR en total é o dobre que o número de CA.

A CA segue a realizarse pero maioritariamente por cirurxiáns con maior experiencia, en detrimento do cirurxián novel, que cada vez máis se centra nos procedementos endovasculares, a nivel aórtico e ó resto dos niveis, conseguindo experiencia neste campo pero sen chegar a conseguila na CA no mesmo tempo que previamente, co perigo que iso pode supoñer para o manexo posterior dos pacientes, ó ser este tipo de intervencións abertas clásicas máis demandantes tecnicamente. Este feito exponse na literatura máis recente[240,241], sendo un tema de preocupación tanto para os residentes en formación como para os cirurxiáns máis novos, e en xeral para as distintas sociedades de Cirurxía Vascular. É máis, debido a este novo paradigma, estase a falar da necesidade de programas específicos de formación a nivel de cirurxía aberta, non so a nivel aórtico[242,243].

5.2.7. Análise da calidade de vida e custos en procedementos programados.

Existen cuestionarios de calidade de vida relacionados coa saúde como o Euroqol-5D, un cuestionario xenérico que pode ir dirixido a poboación xeral como tamén a grupos

con diferentes patoloxías; a súa utilidade radica en analizar a eficacia e efectividade de diversas intervencións sanitarias [244–246].

Pese a existir un gran número de publicacións que comparan a mortalidade e complicacións do tratamento do AAA con CA ou EVAR, existen poucos traballos publicados que examinen a calidade de vida dos pacientes intervidos de AAA [247].

Ademais, non é o mesmo estado de saúde que calidade de vida [248]. Pese a lograrse unha mellor saúde tras unha intervención sanitaria, pode paradoxalmente empeorarse a súa calidade de vida.

Como xa se comentou con anterioridade, ó tratarse dun estudo retrospectivo é inviable estimar a calidade de vida mediante un cuestionario, xa que xa que este se cubriría baseándose en recordos, e non de forma obxectiva; por outro lado existe unha perda de pacientes debido ós *exitus* no seguimento, polo que decidimos realizar unha estimación indirecta da calidade de vida avaliando o número de reingresos e reintervencións, número de exploracións complementarias e número de revisións clínicas.

O impacto estimado na calidade de vida a curto prazo na nosa serie, parece maior na CA que no EVAR; pódese intuír esta maior afectación pola agresividade do feito cirúrxico en si, engadido a unhas estancias hospitalarias máis longas, incluídas estancias en reanimación, e a unha recuperación poscirúrxica tamén máis longa. Na nosa serie as estancias en reanimación e poscirúrxicas totais foron significativamente maiores na CA que no EVAR: 3 días en Reanimación tras CA vs. 0 en EVAR; 9 días de estancia hospitalaria total tras CA vs. 3 en EVAR ($p<0,001$).

Posteriormente, no seguimento, observamos que tanto os reingresos para reintervención por fuga ou outro motivo, o número de exploracións complementarias por TAC e o número de consultas de revisión clínicas son maiores no EVAR que na CA con diferenza significativa ($p<0,001$). Do mesmo xeito podemos intuír que ó longo prazo o EVAR afecta máis a calidade de vida dos pacientes debido á necesidade dun seguimento clínico e por probas de imaxe máis estreito que pode causar unha sensación de non finalización do tratamento, máis aínda cando os reingresos son numerosos así como as reintervencións.

Esta apreciación está en consonancia co reflectido na literatura. No 2016 publicouse un ensaio aleatorizado sobre a calidade de vida despois do EVAR ou CA dos pacientes do estudo DREAM. Empregaron os cuestionarios SF-36 e EuroQol durante un seguimento de cinco anos. A técnica EVAR parece estar asociada neste estudo cunha afectación menos grave da calidade de vida e o estado de saúde no curto prazo. No entanto, durante o seguimento ata os cinco anos, os pacientes sometidos a CA parecían ter mellor calidade de vida e estado de saúde [249], cunha diferenza na puntuación do estado físico entre a CA e o EVAR de -1,98(-3,56 a -0,41 IC 95%) no SF-36 e tamén

con diferenza a favor da CA na puntuación da escala análoga visual do EuroQol con 0,06(-0,10 a -0,02) para a CA e 4,09 (-6,91 a -1,27).

A nosa avaliación da calidade de vida ten a limitación en tanto a que é unha estimación de calidade de vida xa que non se trata dun dato obxectivo obtido dunha enquisa ó doente; existen métodos diferentes ós cuestionarios, avalados para a análise de calidade de vida en ámbitos distintos á saúde, obtidos con datos obxectivos como poden ser os referidos ós ingresos usando a renda neta anual media, o acceso a vivenda e as condicións desta, a educación e finalmente ó emprego[250,251].

Podemos comparar ós pacientes tratados mediante EVAR como pacientes que padecen unha enfermidade crónica, na sensación de benestar, pola posible afectación psicolóxica en termos de ansiedade e depresión que poden causar un seguimento prolongado con multitude de exploracións complementarias; e tamén na esfera física, polo número de reintervencións e reingresos que son precisos no seguimento.

De todos os modos ata a data non existe unha opinión uniforme na literatura e existe unha escaseza de datos contrastados en relación co estado de saúde e calidade de vida dos pacientes intervidos de AAA.

É preciso o deseño de cuestionarios de calidade de vida especificamente dirixidos ós pacientes con AAA, para avaliar os síntomas intrínsecos a esa patoloxía antes e despois do tratamento, así como a súa satisfacción con el. Recentemente elaboráronse varios cuestionarios (o *Aneurysm-dependent Quality of Life questionnaire* -AneurysmDQoL-; o *Aneurysm Symptom Rating Questionnaire* -AneurysmSRQ-; e o *Aneurysm Treatment Satisfaction Questionnaire* -AneurysmTSQ-), onde se recollen parámetros referentes ó estado de saúde e á calidade de vida comúns con outros problemas de saúde e outros máis específicos como: a actividade sexual, a distancia ó camiñar, a dor de pernas, a dor abdominal ou lumbar, ou os cambios no ritmo intestinal. Ademais tamén se avalía o coñecemento do doente sobre a enfermidade e o tratamento, ou a periodicidade do seguimento [252], aínda que non está validado na nosa poboación.

Necesítanse máis ensaios para aclarar a repercusión sobre a calidade de vida tras o tratamento do AAA, usando cuestionarios deste tipo, para poder ofrecer a mellor proposta terapéutica de forma individualizada a cada doente segundo as súas características.

Se falamos de custo-efectividade do tratamento cunha ou outra técnica, no momento inicial da intervención non está claro cal é superior, aínda que hai estudos que falan dun custo no ingreso de arredor de 20.000 dólares no EVAR vs. uns 12.000 na CA[253–256]. O impacto negativo na CA está marcado pola morbimortalidade inicial e as estancias en unidades de reanimación e hospitalaria total. No EVAR, os custos das endopróteses e demais material necesario para realizar o procedemento (emboliza-

cións, ramas de preservación de hipogástricas, endocondutos para acceso, peches percutáneos...) implican uns gastos moi elevados en comparación co material empregado nunha CA.

No seguimento, os custos son claramente superiores no EVAR, na nosa serie, igual que comentábamos para a calidade de vida, aquí xa de xeito obxectivable, o número de exploracións por TAC, consultas, reintervencións, reingresos e mortalidade relacionada co AAA no EVAR, superan amplamente ós precisados na CA.

Pese a que hai poucos estudos publicados de forma rigorosa, se nos atemos exclusivamente ó custo económico das dúas técnicas a maioría mostran que o EVAR é máis cara; faise referencia non soamente ó custo hospitalario senón que se teñen en consideración os custos xerados durante todo o seguimento[257,258]. Os procedementos secundarios ós que é preciso someter os pacientes tratados mediante EVAR, reintervencións por calquera causa pero na maioría das ocasións por fugas, incrementa o gasto nun 44%[257]; se ademais temos en conta os custos xerados do seguimento mediante imaxe, o incremento de gasto alcanza case o 90%[257].

Recentemente, publicouse un estudo que realizou unha revisión sistemática dos publicados sobre custo-eficacia. A maioría concluíron que a saúde gañada co EVAR non compensaba o elevado custo total, o que leva a un inaceptable alto incremento na relación custo-eficacia. Tamén concluía que o EVAR, si era custo-efectivo no grupo concreto dos pacientes de alto risco cirúrxico [259]. Este estudo tamén conclúe non obstante, que coa mellora das características das endopróteses e o aumento da experiencia dos cirurxiáns, se deberían analizar os datos obtidos sobre custo-eficacia dos procedementos actuais.

5.3. ANÁLISE DOS RESULTADOS DOS PROCEDEMENTOS URXENTES

5.3.1. Análise das características dos pacientes.

Durante o tempo de estudo da nosa serie, realizáronse 77 procedementos urxentes por AAA.

Non atopamos diferenzas en canto ás variables demográficas de idade e sexo (74,27 anos en CA vs. 75,95 EVAR; 53 varóns/2 mulleres en CA vs. 19 varóns/3 mulleres en EVAR), observando diferenza significativa na EPOC dentro dos factores de risco, cunha maior prevalencia no EVAR (40,9%) fronte á CA (18,5%) ($p<0,05$).

En estudos comparando a cirurxía urxente por AAA, describen maior prevalencia da EPOC no grupo EVAR, aínda que de menor magnitude que a observada na nosa serie[260], cunha prevalencia do 20,3% en EVAR vs. o 14,9% na CA.

En canto ó índice de comorbilidade ou índice de Charlson non atopamos diferenza significativa.

Observamos diferenza significativa en canto ó ACO dos pacientes, cun 40,9% de pacientes anticoagulados no EVAR fronte ó 16,4% na CA (p<0,05). O ACO é un factor inequívoco de aumento de risco en calquera intervención urxente, séndoo aínda máis nun doente con sangrado activo coma un AAA roto[261].

5.3.2. Análise das características do aneurisma.

Non se atopou diferenza no diámetro medio do aneurisma (7,84 cm en CA fronte 7,45 cm en EVAR). No entanto, si que se observa diferenza co grupo de tratamento electivo que presenta un menor diámetro medio (6,02 cm en CA e 5,93 cm en EVAR); os estudos que comparan características dos AAA en cirurxía electiva e urxente falan de anatomías menos favorables e maiores diámetros nos procedementos urxentes[262].

No grupo de CA atopamos un 25,5% de pacientes con aneurisma de aorta xustarrenal, fronte ó 4,5 no grupo EVAR, con diferenza significativa (p<0,05). Atopamos na literatura o implante de endopróteses sen cumprir estritamente os criterios anatómicos do EVAR electivo[263], explicándoo polo risco prohibitivo dunha CA en certos pacientes con elevada comorbilidade ou antecedentes previos.

Non observamos aneurismas ilíacos no EVAR urxente, fronte ó 30,9% no grupo CA; a presenza dun aneurisma ilíaco supón o tratamento da hipogástrica mediante embolización ou preservación cunha rama, feito que consome tempo nun procedemento que debe de realizarse axilmente, sen contar con que ademais deberíase de dispoñer dunha variedade elevada de material en stock no caso da preservación da hipogástrica, non factible en tódolos centros[264].

5.3.3. Análise do tipo de tratamento empregado.

5.3.3.1. Cirurxía aberta.

A técnica descrita non difire da técnica empregada nos procedementos electivos, coa excepción de que nestes casos onde existe unha perda sanguínea importante, que favorece un estado de descoagulación do paciente, non se realiza unha heparinización sistémica do paciente antes da clampaxe aórtica; así mesmo a primeira actuación vai encamiñada a realizar un control expeditivo do colo aneurismático e a controlar o sangrado.

Realizáronse 55 procedementos urxentes por AAA mediante CA na nosa serie; observamos un 47,3% de enxertos aorto-aórticos, 21,8% de aorto-ilíacos, un 23,6% de aorto-femorais e un 1,8% de axilo-bifemorais.

Usouse Dacron prata no 14,5% dos procedementos. As próteses impregnadas en prata, xunto con homoenxertos criopreservados e enxertos venosos úsanse no tratamento de infeccións protéticas para substituír o enxerto orixinal infectado[265]; na nosa práctica habitual, cando existe un risco aumentado de infección, ben por certas condicións dos pacientes ou ben se o escenario é unha intervención urxente, usamos

o Dacron prata de cara a previr a posible infección protética, complicación fatal da cirurxía do AAA.

5.3.3.2. Tratamento endovascular.

Realizáronse no noso servizo 22 intervencións urxentes por AAA mediante EVAR no período avaliado. Nos primeiros anos do estudo, contamos con menos procedementos urxentes mediante EVAR debido a que non se dispoñía dunha almacenaxe en *stock* de endopróteses para este propósito; neste grupo observamos que o 45,5 % dos implantes foron aorto-biilíacos, e 54,5% restante aorto-uniilíacos e *bypass* fémoro-femoral cruzado. Nos casos de intervencións urxentes, a rapidez que nos permite o implante dunha endoprótese aorto-uniilíaca para conseguir a selaxe do aneurisma no caso de rotura, e a conxunción cun *bypass* cruzado, en determinados casos, fano o procedemento de elección[266]. O procedemento foi percutáneo no 9,1% dos casos, xa que a necesidade dun *bypass* cruzado xa implica a disección cirúrxica dos trípodes femorais e a utilización dos cerres percutáneos comezou tamén nos últimos anos do estudo, primeiro realizando unha curva de aprendizaxe de xeito electivo para posteriormente aplicalo no momento da urxencia.

No 81,8% dos casos a prótese implantada foi Endurant® (Medtronic®), a dispoñible en stock no noso hospital naquel momento. A día de hoxe é habitual contar con polo menos un tipo de endoprótese con varias medidas e conformacións para os casos urxentes.

A tendencia actual é o implante aorto-biilíaco[267], sempre e cando a anatomía e a estabilidade do doente o permitan.

5.3.4. Análise dos resultados a curto prazo.

5.3.4.1. Estancias postoperatorias.

A estancia media en reanimación foi menor no grupo EVAR, con 7,1 días fronte a 11,7 días en CA ($p<0,05$).

En canto á estancia postoperatoria total, tamén foi menor en EVAR, 21,2 días fronte a 24,5 días en CA, con diferenza significativa ($p<0,05$).

Ámbalas estancias son maiores á súa vez que as observadas nos procedementos electivos, e está en consonancia co reflectido na literatura, con mellores resultados no EVAR, con 3 días de estancia en Reanimación vs. 13 en CA[266] e entre 11 e 17 días de estancia total en EVAR vs. 20 e 26 en CA [266,268].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.3.4.2. Complicacións a trinta días.

A trinta días postoperatorios, non observamos diferenzas significativas nos distintos tipos de complicacións o igual que atopamos na literatura previa publicada[266] (Táboa 52), salvo no acceso, propia do tratamento endovascular.

Táboa 52. Complicacións a trinta días tras intervención urxente por AAA[266].

Complicación 30 días	EVAR (n)	CA(n)	p
Ictus	2	2	0,86
Infarto agudo de miocardio	0	2	0,18
Pneumopatía	1	5	0,12
Fracaso renal agudo	2	4	0,5
Isquemia visceral	1	3	0,37
Isquemia extremidades inferiores	1	1	0,9
Infección protética	0	1	0,35
Síndrome compartimental	1	0	0,27

5.3.4.3. Conversión a CA e mortalidade a trinta días. Análise dos factores que inflúen na mortalidade.

Foi preciso converter o 4,5% do EVAR a CA (1 doente). Nunha metaanálise sobre varias revisións sistemáticas da Cochrane do 2017 describen unhas taxas de conversión a CA dende o 6,7% ó 17,5% [269]; o estudo IMPROVE describe taxas menores (1,3%) xustificado en parte porque se obxectivou que un 13% dos pacientes aleatorizados neste estudo non tiñan un AAA roto e ademais 84 dos pacientes que se aleatorizaron para EVAR e finalmente non eran adecuados para este e se moveron a CA, non se tiveron en conta[270]. En canto á mortalidade, observamos un 49,1% de *exitus* en CA e un 27,3% en EVAR, a trinta días, sen chegar a atopar diferenza significativa. Nos estudos actuais que comparan o EVAR coa CA mostran a súa vez tamén unha menor mortalidade nos pacientes tratados mediante EVAR[260], pero un dos factores que se deberían ter en conta nestes resultados é que na maioría dos estudos e na nosa serie en particular, a inestabilidade do paciente foi indicación de CA e esta condición por si soa xa é un factor preditivo de maior mortalidade, e nos estudos que diferencian entre o tratamento de pacientes estables e inestables, a mortalidade é significativamente maior nos inestables, podendo alcanzar o 75% de mortalidade[266]. Para poder realizar unha intervención urxente mediante EVAR nun paciente con AAA roto e inestable é necesaria unha dispoñibilidade ampla de endopróteses con diferentes características para adaptarse ás diferentes anatomías dos aneurismas, e ademais contar nese momento cun equipo completo adestrado no EVAR, tanto cirúrxico, de anestesia como de enfermería e circulante, non dispoñibles en tódolos centros[260].

Na análise univariante sobre os factores que inflúen na mortalidade a trinta días dentro dos procedementos urxentes na CA, atopamos asociación significativa coa

idade maior de oitenta anos, concordante co reflectido na literatura[271], e por outro lado esperable tamén pola agresividade da intervención nun paciente ancián no que a rotura do aneurisma de aorta xa implica unha inestabilidade maior/un estado máis crítico que nun paciente máis novo.

Do mesmo xeito que nos procedementos electivos, na univariante, o empregar EVAR no tratamento do AAA roto, parece mostrar un beneficio na supervivencia ós trinta días dos pacientes intervidos de xeito urxente, pese a non atopar diferenza estatística significativa, probablemente polo tamaño da mostra. Ata non hai moito tempo, falábase de que os resultados a curto prazo eran similares para ámbalas técnicas[269], aínda que hoxe en día o reflectido na literatura parece estar en consonancia cos nosos resultados, con maior supervivencia a trinta días dos AAA tratados mediante EVAR[272].

Tamén atopamos de novo asociación con maior supervivencia dos pacientes antiagregados e dos anticoagulados, aínda que de xeito menos significativo. Esta asociación amósase a simple vista paradoxal, xa que o efecto do ACO aumenta o risco de sangrado en calquera tipo de cirurxía, e máis nunha cirurxía onde o doente xa se presenta cun sangrado activo que é o que se pretende corrixir; é máis, o que se pretende é anular os efectos dos anticoagulantes con fármacos para reverter o efecto de todos eles e protocolos de actuación nas situación de emerxencia[273,274]. A explicación a esta asociación témola en que no grupo que se tratou mediante EVAR urxente máis dun 40% estaban a recibir ACO vs. só o 16% no grupo de CA urxente, con diferenza significativa, polo que a relación do ACO coa maior supervivencia é seguramente derivada da técnica e non pola anticoagulación en si.

A conformación xustarrenal do AAA, de novo mostra unha maior mortalidade a trinta días na univariante, explicado pola maior dificultade técnica da intervención[31], agravada pola situación da urxencia.

Na análise multivariante sobre a supervivencia a trinta días dos procedementos urxentes, observamos un risco aumentado de mortalidade en pacientes con maior comorbilidade cun Charlson ≥2, e como factor protector observamos o EVAR, agora si con significación estatística ó contrario que no univariante, e de novo co AG.

5.3.4.4. Endofugas.

Observamos un 40,9% de fugas na nosa serie en pacientes tratados mediante EVAR urxente; a maior parte corresponde a fugas tipo II (27,3%) e o resto a fugas tipo I (9,1%) e tipo III (4,5%), corrixidas en tódolos casos.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En estudos que comparan os resultados do tratamento do AAA mediante EVAR en procedementos electivos e urxentes, describen maior número de endofugas totais nos procedementos electivos que nos urxentes (16% en urxentes vs. 28% en electivos) así como maior incidencia de endofugas tipo 2 nos electivos (9% en urxentes vs. 20% en

electivos)[275]; no postoperatorio inmediato dos procedementos electivos do noso estudo. Con todo, o número total de endofugas é menor que nos urxentes (26,7%) aínda que con maior taxa de fugas tipo II (24,7%) en concordancia con estudos previos.

En canto á fuga tipo I observáronse maior número nos EVAR urxentes da nosa serie que nos programados (9,1% vs. 2%) do mesmo xeito que noutros estudos publicados[276]; esta porcentaxe elevada de fuga tipo I e a presenza de fuga tipo III, non existente nos procedementos electivos da nosa análise, está en relación directa co maior número de endofugas totais tras EVAR urxente. A maior presenza de fugas tipo I nos nosos procedementos urxentes pode estar en relación cunha maior presenza de colos hostís na anatomía do AAA roto, tales como colos proximais curtos ou moi angulados, con trombo e calcificación mural importante[277]; no caso de cirurxía electiva desestimaríase para EVAR ou ben usaríase unha endoprótese diferente da que dispoñemos en *stock* para os procedementos urxentes, pero dadas as comorbilidades ou a idade do paciente estimouse que aínda con estes inconvenientes o EVAR era a mellor opción.

5.3.4.5. Función renal a trinta días.

Pese a existir estudos que falen dunha menor taxa de FRA nos pacientes con AAA roto tratados mediante EVAR, cunhas taxas de FRA do 43% na CA vs. 26% no EVAR[212], en estudos de revisión sistemática non atoparon unha diferenza clara en canto a complicación renal moderada ou grave ós trinta días da intervención[269].

Nos pacientes tratados de xeito urxente na nosa serie atopamos unhas taxas de FRA do 60%, sendo significativamente maior na CA que no EVAR (68% vs. 40%, p<0,05), e aqueles que o presentaban, ós trinta días tamén presentaban menor eFG, en consonancia coa literatura previa comentada.

Á alta non existe diferenza significativa eFG entre os dous grupos, a diferenza co grupo de intervencións electivas, onde á alta o eFG era maior no grupo de CA que no EVAR, debido a que tanto a idade como o eFG de inicio era semellante nos dous grupos do tratamento urxente.

A CA é o único factor asociado co FRA tanto na univariante como na multivariante, do mesmo xeito que nos procedementos electivos.

5.3.5. Análise dos resultados a longo prazo.

5.3.5.1. Tempo de seguimento e complicacións.

O tempo de seguimento foi de 75 meses para CA e 36 meses para EVAR (p<0,05), explicado pola introdución máis tardía do EVAR urxente na nosa serie.

Observamos tromboses de rama no 3,6% da CA e no 6,3% do EVAR, sen diferenza significativa. Non observamos pseudoaneurismas en ningún grupo.

Diagnosticouse infección protética no 3,6% da CA (1 paciente) e no 7,1% do EVAR (1 paciente), e FAE soamente no 3,6% da CA, sen diferenzas en ámbolos grupos. A

cirurxía urxente por AAA é un factor de risco de desenvolvemento tanto de infección protética como de FAE[278,279].

5.3.5.2. Análise da supervivencia e factores asociados.

Nas curvas de supervivencia atopamos que a mortalidade tardía foi maior no grupo EVAR do mesmo xeito que nos procedementos electivos, cunha mortalidade do 32,1% en CA fronte a 56,3% en EVAR; noutras series publicadas, describiuse ata un 41,7% de mortalidade tras EVAR [262].

Unha vez feita unha análise univariante non atopamos diferenza significativa na mortalidade no seguimento entre o grupo de CA e EVAR, ó igual que noutras series publicadas, onde que pese a que a supervivencia no seguimento parece maior na CA, axustando as análises entre grupos, non existen diferenzas significativas coa supervivencia a longo prazo do EVAR[280].

A longo prazo si que atopamos diferenza significativa en canto a maior mortalidade, en pacientes con ERC e un eFG <60 mL/min como noutras metaanálises de supervivencia[203,281].

A cardiopatía, ó contrario que nos resultados a 30 días, asóciase a maior mortalidade no seguimento na nosa serie; este feito está descrito tamén en estudos contemporáneos que comparan EVAR con CA[272]; no grupo de intervencións electivas non atopamos esta asociación de xeito significativo.

5.3.5.4. Análise das reintervencións e endofugas.

Observamos un número maior de reintervencións en EVAR, 25% fronte ó 7,1% en CA, do mesmo xeito que no grupo de intervencións programadas, pero sen diferenza significativa; podemos explicar isto por un número menor de pacientes no grupo urxente así como tamén por un seguimento máis curto nos EVAR urxentes fronte ós electivos.

No EVAR observamos un 31,3% de fugas no seguimento, sendo fugas tipo II o 25% e tipo III o 6,3%. Comparando estes datos cos dos procedementos electivos, o número de fugas no seguimento é menor nos procedementos urxentes. Outras series publicadas observan, en concordancia cos nosos resultados, menores taxas de endofugas comparando procedementos urxentes con programados, cunha taxa do 28,5% nos electivos vs. o 16,3% nos urxentes[275].

Dentro das reintervencións en EVAR, o 18,8% foron por fuga, en contraposición co 80% das reintervencións por fuga nos procedementos electivos; o 12,5% reintervíronse por fuga tipo II, e o 6,3% por fuga tipo III.

Do mesmo xeito que nos procedementos electivos, a supervivencia libre de reintervención por calquera causa é maior na CA.

5.3.5.5. Análise da función renal no seguimento.

Segundo estudos publicados, o feito de padecer FRA no postoperatorio dun AAA roto, e superalo, non fai que ó longo prazo, eses pacientes sufran dun empeoramento significativo da función renal[282]; ó ano da intervención urxente e ó final do seguimento da nosa serie, non houbo diferenzas no eFG entre os pacientes que o padeceron no postoperatorio e nos que non.

Do mesmo xeito que nos procedementos electivos, o descenso do eFG é maior ó ano na CA que no EVAR para igualarse no seguimento.

5.3.6. Análise da participación do cirurxián nas intervencións urxentes.

Pese a que a CA duplique os casos de EVAR no grupo de intervencións urxentes, a participación do cirurxián novel é practicamente igual en número nas dúas técnicas, con diferenza estatística a favor do EVAR ($p<0,05$).

